Sobre as graves afectacións do trazado da autovía AG-59 desde A Ramallosa, no concello de Teo, até O Rollo, no concello da Estrada

- 60226 - 46672 (11/PRE-020538)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pardo López, Adrián e 7 máis



Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do anuncio de ampliación da ponte da Pasaxe

- 60182 - 48199 (11/PRE-020806)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as medidas previstas por parte do Goberno galego para construír unha nova estación depuradora de augas residuais en Arcade, no concello de Soutomaior

- 60224 - 49385 (11/PRE-021006)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre os problemas de mobilidade e seguridade viaria no concello de Soutomaior

- 60222 - 49584 (11/PRE-021029)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a reactivación das obras da vía Ártabra

- 60220 - 50122 (11/PRE-021165)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para mellorar a formación e o funcionamento das comunidades de augas veciñais

- 60219 - 50186 (11/PRE-021181)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para desenvolver un plan de información, formación e asesoramento técnico para garantir a sustentabilidade dos sistemas veciñais de abastecemento de auga

- 60095 - 50447 (11/PRE-021225)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e 3 máis

Sobre a xestión do monte da serra da Capelada, no concello de Cedeira

- 60094 - 50908 (11/PRE-021274)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia con respecto á presentación ante o Consello Forestal de Galicia do borrador do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia

- 60218 - 52335 (11/PRE-021431)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 6 máis

Sobre os instrumentos recollidos na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia para o aproveitamento da terra e os recursos do territorio



- 60091 - 52372 (11/PRE-021441)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións para os proxectos de medianas explotacións agrícolas ou gandeiras de carácter familiar no polígono industrial de iniciativa pública situado en Teixeira, no concello de Curtis

- 60179 - 52485 (11/PRE-021448)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ojea Arias, Eduardo e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a valoración do Goberno galego da posta en marcha do Programa de rehabilitación enerxética de edificios 5000 nos concellos de menos de cinco mil habitantes no ano 2022

- 60174 - 52897 (11/PRE-021493)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos datos de demografía empresarial publicados polo Instituto Galego de Estatística

- 60033 - 52921 (11/PRE-021500)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o colapso da ponte de Santa Marta en Ponte Arnelas, no concello de Vilanova de Arousa

- 60089 - 53053 (11/PRE-021513)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a continuidade das explotacións agropecuarias e pequenas empresas de transformación de produtos do sector primario

- 60172 - 53084 (11/PRE-021517)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre o incumprimento da Xunta de Galicia de dous acordos adoptados por unanimidade no Parlamento

- 60099 - 53196 (11/PRE-021533)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Salgado, Carlos e 6 máis

Sobre as actuacións impulsadas pola Xunta de Galicia respecto da modernización dos regadíos da Limia

- 60088 - 53234 (11/PRE-021538)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre o cronograma temporal de actuación e o orzamento dedicado no expediente do polígono agroforestal de Barzamedelle, no concello de Leiro



- 60073 - 53535 (11/PRE-021567)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as axudas para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios

- 60030 - 53564 (11/PRE-021571)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre a posibilidade de instalar unha planta de baterías para vehículos eléctricos en Galicia

- 60028 - 53685 (11/PRE-021582)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre a estratexia do Goberno galego en relación coa posibilidade de que a multinacional chinesa BYD instale unha xigafactoría de coches eléctricos en Galicia

- 60026 - 53716 (11/PRE-021585)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre a integración entre a cidade de Vigo e o mar

- 60032 - 53274 (11/PRE-021591)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da proposta de revisión da Rede Transeuropea de Transporte aprobada recentemente polo Parlamento Europeo

- 60056 - 53836 (11/PRE-021595)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as estratexias que pensa adoptar a Xunta de Galicia para afrontar o problema da seca no sector hortícola e frutícola no contexto do cambio climático

- 60071 - 53926 (11/PRE-021606)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre a participación da Xunta de Galicia no denominado «Proxecto da castaña» da Deputación de Ourense

- 60055 - 53908 (11/PRE-021624)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 6 máis

Sobre o Bono Activa Rural e as liñas xerais da Resolución, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027



- 60054 - 54259 (11/PRE-021644)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 6 máis

Sobre os obxectivos e primeiros resultados do Inventario Forestal Continuo de Galicia

- 60171 - 54297 (11/PRE-021646)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre os criterios de puntuación do Goberno galego ao proxecto do Concello de Baiona dentro do Plan de sustentabilidade turística en destino

- 60070 - 54475 (11/PRE-021663)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre os acordos do Goberno galego cos produtores da indicación xeográfica protexida Ternera Gallega no que atinxe á implementación dunha nova liña de axudas directas

- 60168 - 54487 (11/PRE-021665)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre a contribución da liña de subvencións enmarcada no programa Xacobeo Xove para conseguir un mellor modelo turístico

- 60087 - 54531 (11/PRE-021670)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre a causa do incremento das hectáreas de frondosas en trece anos

- 59973 - 54645 (11/PRE-021677)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 2 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para cumprir os seus compromisos respecto da reforma da rúa Pazos Fontenla, no concello de Bueu

- 60053 - 56091 (11/PRE-021713)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para garantir os dereitos da poboación máis vulnerable, especialmente familias monoparentais, mocidade e persoas migrantes

- 60166 - 56942 (11/PRE-021740)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia de recuperar o servizo de tramitación dos depósitos de fianzas no Instituto Galego da Vivenda e Solo



- 60052 - 57167 (11/PRE-021747)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego da xestión integral da auga e da xestión dos fondos recibidos do Goberno do Estado a través do Plan de recuperación, transformación e resiliencia para a xestión integral da auga

- 60051 - 57410 (11/PRE-021750)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia respecto dos feitos denunciados polos servizos de inspección da Consellería de Política Social e Xuventude

- 60050 - 57598 (11/PRE-021759)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as denuncias respecto do sistema de programación das inspeccións aos centros residenciais

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2023

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 32358**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas previstas pola Xunta de Galicia respecto da protección e conservación do bosque de ribeira"**, (publicada no BOPG número 297, do 24 de marzo de 2022), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"Desde o punto de vista de Augas de Galicia, no novo ciclo de planificación hidrolóxica 2021-2027, a través do novo Plan Hidrolóxico Galicia Costa, que está en tramitación para a súa aprobación por Real Decreto de Consello de Ministros, e ten entre os seus plans dependentes o Plan de Xestión de Risco de Inundación de Galicia-Costa, preténdese garantir a protección e conservación dos bosques de ribeira, a través de dúas ferramentas fundamentais: Un programa de medidas específico que inclúe a recuperación da continuidade lonxitudinal e transversal dos leitos, e a recuperación do espazo fluvial e un contido normativo específico que regule estes aspectos.

Desde o punto de vista de Augas de Galicia, e na liña do sinalado anteriormente, no plan hidrolóxico do novo ciclo contéplanse unha serie de decisións de carácter normativo que establecen limitacións para as plantacións de determinados cultivos arbóreos nas marxes dos ríos, ao tempo que se establece a necesidade de contar cun compromiso de restauración ambiental para permitir as talas das explotacións existentes na zona de servidume. Así, o novo articulado do Plan Hidrolóxico Galicia Costa para o ciclo 2021-2027, establece no artigo 22, reservas hidrolóxicas, e no artigo 33, medidas relativas a novas plantacións e tallas.

Os criterios na contorna dos ríos veñen marcados, en última instancia, polo cumprimento dos obxectivos medioambientais das masas de auga, impostos pola Directiva Marco da



Auga (Directiva 2000/60/CE, incorporados ao artigo 92 bis do Real Decreto Legislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas), que inclúen a prevención do deterioro do estado das masas de auga superficiais e a protección, mellora e rexeneración de todas as masas de auga superficial co obxecto de acadar o bo estado das mesmas (tanto ecolóxico como químico) e o cumprimento das esixencias das normas de protección que resulten aplicables nunha zona e acadar os obxectivos ambientais particulares que nelas se determinen”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 13:42:56
Nº Rexistro: 60044
Data envío: 19/09/2023 13:42:56.338

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2023 11:42:53

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita, **número 44461**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o uso institucional da Xunta de Galicia ao servizo da axenda partidista do Partido Popular"**, (publicada no BOPG número 419, do 9 de decembro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"O 21 de setembro de 2022 o director da Axencia Galega de Infraestruturas reuniuse co alcalde do Concello de Dodro, de acordo coa solicitude remitida desde a Administración local.

Por parte do Concello trasladouse unha documentación técnica que se remitiu, para a súa análise e consideración, ao persoal técnico da AXI".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 09:36:12
Nº Rexistro: 59986
Data envío: 19/09/2023 09:36:12.791

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2023 7:36:08

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 37442**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Marisol Díaz Mouteira e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os obxectivos que pretende acadar a Xunta de Galicia co novo Plan de seca da Demarcación Galicia-Costa"**, (publicada no BOPG número 354, do 2 de agosto de 2022), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola directora de Augas de Galicia en resposta á pregunta oral en Comisión número 56709, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 6 de setembro de 2023, á que nos remitimos.

Na súa intervención, a directora de Augas de Galicia salientou que a Xunta aposta por ferramentas como o Plan da seca da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, e coordinación das administracións e a implicación dos cidadáns para mellorar a xestión da auga. Tamén destacou que, aínda que a Xunta está a realizar un esforzo constante para ter unha mellor planificación que permita anticiparse, mellorar as instalacións de abastecemento e ter máis sistemas de control para coñecer en tempo real toda a información, os concellos deben dotarse dos Plans de emerxencia municipal ante situacións de seca, que permiten o establecemento de medidas específicas a nivel local, reducindo a vulnerabilidade.

A resposta completa da directora de Augas de Galicia pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NGVhMmRLZWQtNWM1OC00ZjFhLTljYmItZTllMjRmMTNjNTcx&start=1716>



<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NGVhMmRLZWQtNWM1OC00ZjFhLThjYmItZTllMjRmMTNjNTcx&start=2482>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 13:42:26
Nº Rexistro: 60042
Data envío: 19/09/2023 13:42:26.963

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2023 11:42:24

CSV: BOPGDSPG-7yeLymOok-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 40931**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Balseiro Orol e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración do Goberno galego da Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga"**, (publicada no BOPG número 382, do 21 de setembro de 2022), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A valoración é positiva, xa que a Lei está a cumprir os obxectivos para os que foi concibida e que non son outros que regular, ampliar e estender a colaboración que presta a Xunta aos concellos nas súas competencias en materia de augas e facelo, ademais, en igualdade de condicións para todos.

Neste primeiro ano de vixencia da Lei, cinco municipios solicitaron a Augas de Galicia que se faga cargo de infraestruturas ou servizos da súa competencia relacionados co ciclo da auga. Concellos que se suman así aos titulares das 28 depuradoras que xa está a xestionar a Xunta".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 13:42:00
Nº Rexistro: 60040
Data envío: 19/09/2023 13:42:00.978

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2023 11:41:57

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 40935**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Balseiro Orol e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas adoptadas polo Goberno galego ante a situación de seca prolongada"**, (publicada no BOPG número 382, do 21 de setembro de 2022), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola directora de Augas de Galicia en resposta á pregunta oral en Comisión número 56709, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 6 de setembro de 2023, á que nos remitimos.

Na súa intervención, a directora de Augas de Galicia salientou que a Xunta aposta por ferramentas como o Plan da seca da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, e coordinación das administracións e a implicación dos cidadáns para mellorar a xestión da auga. Tamén destacou que, aínda que a Xunta está a realizar un esforzo constante para ter unha mellor planificación que permita anticiparse, mellorar as instalacións de abastecemento e ter máis sistemas de control para coñecer en tempo real toda a información, os concellos deben dotarse dos Plans de emerxencia municipal ante situacións de seca, que permiten o establecemento de medidas específicas a nivel local, reducindo a vulnerabilidade.

A resposta completa da directora de Augas de Galicia pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NGVhMmRLZWQtNWM1OC00ZjFhLTJhYmItZTllMjRmMTNjNTcx&start=1716>



<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NGVhMmRLZWQtNWM1OC00ZjFhLThjYmItZTllMjRmMTNjNTcx&start=2482>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 13:41:36
Nº Rexistro: 60038
Data envío: 19/09/2023 13:41:36.885

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2023 11:41:32

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 41727**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Balseiro Orol e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración do Goberno galego da exclusión de Galicia do mapa de autoestradas ferroviarias e dos grandes nodos loxísticos de tren"**, (publicada no BOPG número 390, do 5 de outubro de 2022), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Mobilidade en resposta á pregunta oral en Pleno número 57587, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día do Pleno celebrado o 13 de setembro de 2023, á que nos remitimos.

Na súa intervención, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade insistiu en reclamar un Plan Director do Corredor Atlántico con prazos, investimentos e todas as infraestruturas identificadas como prioritarias polas comunidades do noroeste. Tamén cualificou como unha decepción absoluta os oito meses de traxectoria do Comisionado do Corredor Atlántico, que continúa desde xaneiro sen recibir nin escoitar ao Goberno galego, así como sen informar sobre as previsións e avances para a modernización ferroviaria do noroeste.

A resposta completa da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MDBlODc3ZjltYTAzOS00OThjLWJkYjgtZWJkYTM3MDRmMjJj&start=13382>



<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MDBlODc3ZjltYTAzOS00OThjLWJkYjgtZWJkYTM3MDRmMjJj&start=13705> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 13:41:11
Nº Rexistro: 60036
Data envío: 19/09/2023 13:41:11.228

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2023 11:41:07

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 44463**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a relación dos proxectos e obras do goberno galego no territorio e as demandas de cargos partidarios do Partido Popular"**, (publicada no BOPG número 418, do 7 de decembro de 2022), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"O 21 de setembro de 2022 o director da Axencia Galega de Infraestruturas reuniuse co alcalde do Concello de Dodro, de acordo coa solicitude remitida desde a Administración local.

Por parte do Concello trasladouse unha documentación técnica que se remitiu, para a súa análise e consideración, ao persoal técnico da AXI".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 09:36:03
Nº Rexistro: 59985
Data envío: 19/09/2023 09:36:03.010

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2023 7:35:59

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 37440**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Marisol Díaz Mouteira e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os obxectivos que pretende acadar a Xunta de Galicia co novo Plan de seca da Demarcación Galicia-Costa"**, (publicada no BOPG número 356, do 4 de agosto de 2022), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola directora de Augas de Galicia en resposta á pregunta oral en Comisión número 56709, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 6 de setembro de 2023, á que nos remitimos.

Na súa intervención, a directora de Augas de Galicia salientou que a Xunta aposta por ferramentas como o Plan da seca da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, e coordinación das administracións e a implicación dos cidadáns para mellorar a xestión da auga. Tamén destacou que, aínda que a Xunta está a realizar un esforzo constante para ter unha mellor planificación que permita anticiparse, mellorar as instalacións de abastecemento e ter máis sistemas de control para coñecer en tempo real toda a información, os concellos deben dotarse dos Plans de emerxencia municipal ante situacións de seca, que permiten o establecemento de medidas específicas a nivel local, reducindo a vulnerabilidade.

A resposta completa da directora de Augas de Galicia pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NGVhMmRLZWQtNWM1OC00ZjFhLTJhYmItZTllMjRmMTNjNTcx&start=1716>



<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NGVhMmRLZWQtNWM1OC00ZjFhLThjYmItZTllMjRmMTNjNTcx&start=2482>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 13:42:40
Nº Rexistro: 60043
Data envío: 19/09/2023 13:42:40.260

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2023 11:42:36

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 40930**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Balseiro Orol e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración do Goberno galego da Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga"**, (publicada no BOPG número 382, do 21 de setembro de 2022), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A valoración é positiva, xa que a Lei está a cumprir os obxectivos para os que foi concibida e que non son outros que regular, ampliar e estender a colaboración que presta a Xunta aos concellos nas súas competencias en materia de augas e facelo, ademais, en igualdade de condicións para todos.

Neste primeiro ano de vixencia da Lei, cinco municipios solicitaron a Augas de Galicia que se faga cargo de infraestruturas ou servizos da súa competencia relacionados co ciclo da auga. Concellos que se suman así aos titulares das 28 depuradoras que xa está a xestionar a Xunta".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 13:42:12
Nº Rexistro: 60041
Data envío: 19/09/2023 13:42:12.728

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2023 11:42:09

CSV: BOPGDSPG-7yeLymOok-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 40934**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Balseiro Orol e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas adoptadas polo Goberno ga lego ante a situación de seca prolongada"**, (publicada no BOPG número 382, do 21 de setembro de 2022), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola directora de Augas de Galicia en resposta á pregunta oral en Comisión número 56709, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 6 de setembro de 2023, á que nos remitimos.

Na súa intervención, a directora de Augas de Galicia salientou que a Xunta aposta por ferramentas como o Plan da seca da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, e coordinación das administracións e a implicación dos cidadáns para mellorar a xestión da auga. Tamén destacou que, aínda que a Xunta está a realizar un esforzo constante para ter unha mellor planificación que permita anticiparse, mellorar as instalacións de abastecemento e ter máis sistemas de control para coñecer en tempo real toda a información, os concellos deben dotarse dos Plans de emerxencia municipal ante situacións de seca, que permiten o establecemento de medidas específicas a nivel local, reducindo a vulnerabilidade.

A resposta completa da directora de Augas de Galicia pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NGVhMmRLZWQtNWM1OC00ZjFhLTJhYmItZTllMjRmMTNjNTcx&start=1716>



<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NGVhMmRLZWQtNWM1OC00ZjFhLThjYmItZTllMjRmMTNjNTcx&start=2482>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 13:41:49
Nº Rexistro: 60039
Data envío: 19/09/2023 13:41:49.369

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2023 11:41:46

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 41726**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Balseiro Orol e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración do Goberno galego da exclusión de Galicia do mapa de autoestradas ferroviarias e dos grandes nodos loxísticos de tren"**, (publicada no BOPG número 390, do 5 de outubro de 2022), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Mobilidade en resposta á pregunta oral en Pleno número 57587, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día do Pleno celebrado o 13 de setembro de 2023, á que nos remitimos.

Na súa intervención, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade insistiu en reclamar un Plan Director do Corredor Atlántico con prazos, investimentos e todas as infraestruturas identificadas como prioritarias polas comunidades do noroeste. Tamén cualificou como unha decepción absoluta os oito meses de traxectoria do Comisionado do Corredor Atlántico, que continúa desde xaneiro sen recibir nin escoitar ao Goberno galego, así como sen informar sobre as previsións e avances para a modernización ferroviaria do noroeste.

A resposta completa da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MDBlODc3ZjltYTAzOS00OThjLWJkYjgtZWJkYTM3MDRmMjJj&start=13382>



<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MDBlODc3ZjltYTAzOS00OThjLWJkYjgtZWJkYTM3MDRmMjJj&start=13705> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 13:41:23
Nº Rexistro: 60037
Data envío: 19/09/2023 13:41:23.588

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2023 11:41:20

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 44460**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o uso institucional da Xunta de Galicia ao servizo da axenda partidista do Partido Popular"**, (publicada no BOPG número 419, do 9 de decembro de 2022), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"O 21 de setembro de 2022 o director da Axencia Galega de Infraestruturas reuniuse co alcalde do Concello de Dodro, de acordo coa solicitude remitida desde a Administración local.

Por parte do Concello trasladouse unha documentación técnica que se remitiu, para a súa análise e consideración, ao persoal técnico da AXI".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 09:36:21
Nº Rexistro: 59987
Data envío: 19/09/2023 09:36:21.400

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2023 7:36:17

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 50870**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos e don Luis Bará Torres, sobre **"a construción dunha central hidroeléctrica en Cornanda, no concello de Brión"**(publicada no BOPG número 465 do 8 de marzo de 2023) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Mobilidade en resposta á pregunta oral en Pleno número 51347, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día do Pleno celebrado o 5 de xullo de 2023, á que nos remitimos.

Na súa intervención, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade asegurou que a Xunta vela polo cumprimento escrupuloso da normativa en todas as solicitudes presentadas para o aproveitamento do dominio público hidráulico. Salientou tamén a obriga da Xunta de tramitar todas as solicitudes que se presenten para o aproveitamento do dominio público hidráulico, para o que existe un procedemento administrativo regulado.

A resposta completa da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade pode verse nos seguintes enlaces:



[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=Yjk5Mzg4ODEtNGNmNC00MDhjLWI2MjktZmU1ZTFmY2UwZmVm&start=881](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=Yjk5Mzg4ODEtNGNmNC00MDhjLWI2MjktZmU1ZTFmY2UwZmVm&start=881)

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=Yjk5Mzg4ODEtNGNmNC00MDhjLWI2MjktZmU1ZTFmY2UwZmVm&start=1227](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=Yjk5Mzg4ODEtNGNmNC00MDhjLWI2MjktZmU1ZTFmY2UwZmVm&start=1227)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 10:43:10
Nº Rexistro: 60181
Data envío: 21/09/2023 10:43:10.944

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 8:43:06

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 52371**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións para os proxectos de medianas explotacións agrícolas ou gandeiras de carácter familiar no polígono industrial de iniciativa pública situado en Teixeira, no concello de Curtis"**, (publicada no BOPG número 480, do 12 de abril de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Esta cuestión foi contestada pola directora da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, da Consellería do Medio Rural, na Comisión 7ª o pasado 8 de setembro de 2023 respondendo á pregunta nº 55578."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2023 13:34:14
Nº Rexistro: 60092
Data envío: 20/09/2023 13:34:14.002

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2023 11:34:09

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 52487**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Eduardo Ojea Arias e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **"a valoración do Goberno galego da posta en marcha do Programa de rehabilitación enerxética de edificios 5000 nos concellos de menos de 5000 habitantes no ano 2022"**(publicada no BOPG número 480 do 12 de abril de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"A convocatoria desta axuda publicouse no Diario Oficial de Galicia do 4 de novembro de 2021, con anualidades para 2022 e 2023. O financiamento das axudas realízase exclusivamente con fondos da Unión Europea, sen achega de fondos propios do Goberno central.

A convocatoria contaba cun orzamento de 3.658.196 euros, concedéndose axudas por importe de 3.546.097,43 euros, cun grado de execución do 96,94%".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 10:42:35
Nº Rexistro: 60177
Data envío: 21/09/2023 10:42:35.351

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 8:42:32

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 52895**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Daniel Pérez López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas previstas polo Goberno galego para mellorar as taxas de demografía empresarial"**(publicada no BOPG número 486 do 26 de abril de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia traballa nun modelo industrial e empresarial acorde ao actual contexto social e económico. Unha pauta de actuación marcada, hoxe en día, pola situación de inestabilidade derivada da invasión rusa a Ucraína, que agravou un escenario xa complicado.

Pese a todo, as cifras macroeconómicas amosan unha Galicia que segue a dar pasos sólidos, recuperando o nivel do PIB previo á pandemia, logo dos incrementos rexistrados nos últimos trimestres do ano, tanto en prezos correntes (68.817,3 millóns de euros no ano 2022 fronte aos 63.757,8 millóns de euros no ano 2019), coma en termos de índices de volume encadeados (no cuarto trimestre de 2022 acádase o mesmo valor do último trimestre de 2019, o máximo da serie histórica ata o momento).

Así mesmo, cómpre destacar tamén que prevese que o PIB per cápita vaia seguir crescendo por riba da media estatal, como ocorre desde 2008 (España +5,7% e Galicia +11,13%); que as exportacións galegas marcasen neste último ano un récord



histórico rozando os 30.000 millóns de euros, un 18,3% máis que no 2021, o que permite a Galicia contar cunha balanza comercial de 2.802 millóns, mentres que no conxunto do Estado o saldo continúa a ser deficitario; e que a cifra do desemprego descenda, por primeira vez na Comunidade nos últimos 27 anos, por debaixo das 130.000 persoas, a cifra máis baixa de toda a serie histórica, desde o ano 1996.

Estes datos falan do bo traballo que, pese ás dificultades, vén realizando o tecido produtivo galego, acompañado en todo momento pola Xunta de Galicia a través de distintos programas, liñas e actuacións que permiten tanto o inicio como a consolidación da súa actividade e o reforzo da súa competitividade, na procura de manter unha industria e unha economía sólida e con futuro”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 10:42:19
Nº Rexistro: 60175
Data envío: 21/09/2023 10:42:19.679

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 8:42:16

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 53051**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a continuidade das explotacións agropecuarias e pequenas empresas de transformación de produtos do sector primario"**, (publicada no BOPG número 490, do 4 de maio de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Esta cuestión foi contestada polo director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, da Consellería do Medio Rural, na Comisión 7ª o pasado 16 de xuño de 2023 respondendo á pregunta nº 53050."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2023 13:33:50
Nº Rexistro: 60090
Data envío: 20/09/2023 13:33:50.705

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2023 11:33:47

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 53565**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Gonzalo Caballero Míguez e dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre **"a posibilidade de instalar unha planta de baterías para vehículos eléctricos en Galicia"**, (publicada no BOPG número 495, do 19 de maio de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia destaca o feito de que a nosa Comunidade teña interese para diferentes promotores de proxectos industriais, que a ven como un lugar idóneo para acoller os seus investimentos grazas á estabilidade que ofrece, ás súas condicións, así como ao apoio por parte da Administración autonómica.

Así, a Xunta de Galicia ofrece todas as potencialidades coas que se contan en Galicia, especialmente en todo aquilo que compete á Administración autonómica, como é en materia de formación, innovación e de axilización administrativa co obxectivo de captar este investimento, tal e como se está a facer co resto de proxectos industriais que poden crear emprego nesta Comunidade.

Para iso, ofrécese un marco normativo adecuado, mantendo todas as garantías a través, de entre outras normas, da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; a Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia, ou o Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial.

Así mesmo, é importante tamén contar co resto de Administracións, posto que para este tipo de proxectos é vital a achega de fondos europeos e dispor dun prezo eléctrico



competitivo e dunha correcta planificación eléctrica da rede de transporte. Estes tres elementos son imprescindibles para garantir a viabilidade técnica e a competitividade dos proxectos industriais estratéxicos e intensivos en enerxía que se queiran implantar en Galicia.

Non obstante, o Goberno central está incumprindo con Galicia e coas empresas dispostas a investir na nosa Comunidade ao non garantir que os seus proxectos dispoñan de fondos Next Generation, pero tamén porque non son capaces de aprobar un marco de subministración eléctrica competitiva, estable e predicible para a gran industria consumidora de enerxía, así como dispor dunha correcta planificación da rede de transporte.

No caso concreto dos fondos Next Generation para o Vehículo Eléctrico e Conectado (VEC) cómpre mencionar que a primeira convocatoria do PERTE VEC só logrou adxudicar uns 800 millóns de euros dos case 3.000 orzamentados (o 75% dos fondos quedaron por tanto sen repartir). Entre os proxectos que quedaron fóra naquela convocatoria estivo o da planta viguesa do Grupo Stellantis.

Non obstante, desde a Xunta de Galicia mantivéronse reunións co Grupo Stellantis co obxectivo de facilitar a instalación dunha "gigafactory" no sur da Comunidade, pero tamén con empresas destacadas chinesas e coreanas do sector das baterías eléctricas.

A segunda convocatoria do PERTE VEC permanecerá aberta ata o 15 de setembro e articúlase en Sección A - Axudas a proxectos de produción de baterías do vehículo eléctrico, e Sección B - Plans de investimento na cadea de valor industrial do vehículo eléctrico e conectado.

A sección A está aberta ás empresas que produzan baterías, os seus compoñentes esenciais e materias primas relacionadas e conta cun orzamento de 837 millóns de euros, con 550 millóns en subvencións a fondo perdido e 287 millóns en préstamos. A sección B está dirixida a proxectos de impulso da cadea de valor do vehículo eléctrico, contando cun orzamento global de 560 millóns de euros, dos cales 344 millóns son en forma de subvencións e 215 millóns de euros en préstamos.



Agardamos que as modificacións das bases da segunda convocatoria do PERTE VEC logren evitar os erros do primeiro plan grazas a un sistema de concorrencia simple, a posibilidade de presentar proxectos individuais e unha extensión dos prazos de execución dos proxectos e investimentos que se presenten.

Nestes procesos de toma de decisións de calquera posible proxecto de implantación empresarial, estes grandes grupos teñen en conta todo tipo de aspectos entre os que se atopan a evolución da demanda, a localización próxima de posibles clientes finais, prezos estables dos subministración, o clima do mercado laboral, etc.

En definitiva, preocupa a falta dunha planificación acertada por parte do Goberno central na xestión de fondos europeos, que mostra unha postura unilateral na que non axiliza a súa tramitación e non apoia a proxectos transformadores clave para Galicia, en contraposición con outras comunidades autónomas ás que o Executivo central xa transferiu fondos para proxectos deste tipo.

Aínda así, a Xunta de Galicia continuará levando a cabo medidas de apoio aos proxectos industriais con posibilidades de implantación en Galicia, co fin de xerar emprego de calidade e de afianzar o sector industrial galego."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 13:39:33
Nº Rexistro: 60029
Data envío: 19/09/2023 13:39:33.541

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2023 11:39:26

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 53687**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Gonzalo Caballero Míguez e dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre **"a estratexia do Goberno galego en relación coa posibilidade de que a multinacional chinesa BYD poida instalar unha xigafactoría de coches eléctricos en Galicia"**, (publicada no BOPG número 497, do 25 de maio de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"Nos últimos anos, a Xunta de Galicia vén traballando activamente na procura de proxectos industriais chineses tanto no que fai referencia á atracción a Galicia dun fabricante de vehículos eléctricos (EV cars) como á posible implantación dunha xigafactoría de baterías.

De feito, no marco desta estratexia, nos anos 2017, 2018 e 2023 realizáronse tres viaxes a China moi enfocadas ao sector da automoción, nas que se mantiveron reunións con centros tecnolóxicos e con empresas moi destacadas do sector e dentro do Top 5 dos principais OEM do país.

Un dos contactos que sempre se traballou nestes anos foi o de BYD, unha das empresas líderes de automoción en China que empezou inicialmente dedicándose á fabricación de baterías para aparellos electrónicos, sendo tamén líder mundial na fabricación de baterías para teléfonos móbiles.

Na actualidade, Galicia está ben considerada entre os principais fabricantes chineses e estamos a optar, en competencia con outras localizacións e con outros países de Europa, a varios potenciais proxectos.



Pártese dun bo posicionamento para atraer un investimento dentro do sector de automoción xa que Galicia conta cun bo ecosistema para loitar por conseguir captar un proxecto empresarial destas características coma, por exemplo: a existencia dun OEM destacado en Galicia, un clúster da automoción de primeiro nivel, a existencia de máis de 120 provedores de compoñentes, un Centro Tecnolóxico de referencia no sector de automoción, a existencia dunha plataforma RoRo no Porto de Vigo de exportación/importación de vehículos e, por suposto, todo o apoio institucional por parte da Xunta de Galicia.

É moi importante para Galicia que unha empresa como a chinesa BYD (Build Yourd Dreams), principal fabricante mundial de vehículos de nova enerxía (VNE) e baterías eléctricas pense en instalarse aquí porque isto significa que se están facendo ben as cousas e que Galicia é un lugar que achega estabilidade e confianza para os investidores.

A Xunta de Galicia comprometeuse a poñer todas as potencialidades coas que se contan, especialmente en todo aquilo que compete á Administración autonómica, como é en materia de formación, innovación e de axilización administrativa, para captar este investimento, tal e como se está a facer co resto de proxectos industriais que poden crear emprego nesta comunidade. Para iso, Galicia ofrece un marco normativo adecuado, mantendo todas as garantías, a través de diversas normas, entre outras, a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; a Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia, ou o Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial.

Pero tamén é importante contar co resto de Administracións e cos axentes socioeconómicos para que a candidatura galega sexa cada vez máis atractiva. Ademais, convén destacar que o mercado español non é novo para BYD, posto que o pasado mes de setembro de 2022 o Grupo Castrosúa asinou un acordo coa multinacional chinesa BYD para fabricar buses eléctricos de 12 metros para o mercado español.

A alianza destas dúas empresas no ámbito da mobilidade permitirá situar a Galicia no camiño para que lidere a transición enerxética no transporte público.



Por outra banda, a Consellería de Economía, Industria e Innovación, a través do IGAPE, asinou o pasado mes de xullo de 2023 un novo acordo de colaboración coa Cámara de Comercio para a importación e exportación de maquinaria e produtos electrónicos de China que busca afianzar as relacións comerciais entre Galicia e o país asiático.

Este memorando, asinado no transcurso dunha viaxe a China que levaron a cabo representantes do IGAPE, reforza o interese recíproco tanto de Galicia como de China por dar novos pasos para consolidar as relacións bilaterais entre ambas as dúas economías. De feito, China foi en 2022 o primeiro destino en Asia das exportacións galegas, e un dos máis importantes fóra de Europa, experimentando un incremento do 6,7 % con respecto ao ano anterior ata acadar os 223 M€.

O acordo dá continuidade ao asinado no 2018, que fixo de Galicia a primeira Comunidade autónoma en contar cun memorando destas características cunha das cámaras de comercio máis importantes do país que agrupa máis de 10.000 empresas. E agora renova o compromiso de promover o aumento do comercio e o investimento entre a industria de maquinaria e electrónica dos dous países.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 60057
Data envío: 19/09/2023 15:40:43.684

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2023 13:40:40

CSV: BOPGDSPG-7yeLymOok-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 54299**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a puntuación obtida polo concello de Baiona ao seu proxecto dentro do Plan de sustentabilidade turística en Destino"**(publicada no BOPG número 510 do 21 de xuño de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia Turismo de Galicia** que ten o seguinte contido:

"Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a estas preguntas xa foron tratados polo Goberno no seo da Comisión 6ª - Industria Enerxía Comercio e Turismo do Parlamento de Galicia na sesión celebrada o 14 de xullo de 2023 no debate da iniciativa con número de rexistro 54298, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=Nzk4MDg5ZTk0NWQ1OS00YjRmLTkyZDYtNzBkZTU1MzAxNGQz&start=646](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=Nzk4MDg5ZTk0NWQ1OS00YjRmLTkyZDYtNzBkZTU1MzAxNGQz&start=646)

Na devandita sesión, o Goberno informou, entre outras cuestións, do traballo que se vén realizando no marco da Estratexia de Sostibilidade Turística en Destino en



colaboración coas distintas administracións, así como do carácter técnico dos criterios empregados nas fases de avaliación de proxectos presentados”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 10:41:33
Nº Rexistro: 60170
Data envío: 21/09/2023 10:41:33.491

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 8:41:30

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 54486**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Daniel Pérez López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a liña de subvencións do programa Xacobeo Xove e a súa contribución á diversificación, sostibilidade e profesionalización do sector turístico"**(publicada no BOPG número 510 do 21 de xuño de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia Turismo de Galicia** que ten o seguinte contido:

"Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a estas preguntas xa foron tratados polo Goberno no seo da Comisión 6ª - Industria Enerxía Comercio e Turismo do Parlamento de Galicia na sesión celebrada o 14 de xullo de 2023 no debate da iniciativa con número de rexistro 54485, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=Nzk4MDg5ZTktdNWQ1OS00YjRmLTkyZDYtNzBkZTU1MzAxNGQz&start=2391](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=Nzk4MDg5ZTktdNWQ1OS00YjRmLTkyZDYtNzBkZTU1MzAxNGQz&start=2391)

Na devandita sesión, o Goberno informou, entre outras cuestións, que o programa Xacobeo Xove vai dirixido aos mozos e mozas que teñan o Carné Xove -é dicir, con idades comprendidas entre os 18 e 30 anos-, que se poderán beneficiar de paquetes turísticos que serán comercializados polas axencias de viaxes minoristas e incluírán un prezo especial cun desconto de ata 200 euros sobre o seu custo total.



Ademais, incidiuse en que esta iniciativa súmase a outras medidas dirixidas á diversificación, a sustentabilidade e a excelencia turística que se veñen impulsando desde a Xunta de Galicia desde hai varios anos. Entre elas, cabe destacar as contidas no Plan Director 2021-2023 Galicia Destino Seguro, o Plan Director do Camiño 2015-2021 (o primeiro en introducir o criterio de sostibilidade), o Plan Director actual 2022-2027 (o eixe 2 céntrase en promover un Camiño Sostible), o Plan Nacional Xacobeo Next Generation, o Bono Turístico ou os tres plans territoriais que está a desenvolver Galicia con fondos europeos (80 millóns de euros en total) para un destino turístico máis sostible”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 10:41:24
Nº Rexistro: 60169
Data envío: 21/09/2023 10:41:24.835

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 8:41:21

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita, **número 54533**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Rodríguez Dacosta e don Martín Seco García, sobre **"a causa do incremento de 130.344 hectáreas de frondosas en trece anos"**, (publicada no BOPG número 515, do 29 de xuño de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"O sector forestal é un eido clave no rural galego e no que Galicia é unha referencia no ámbito nacional e mesmo europeo.

Galicia conta cunha superficie forestal de preto de 1,5 millóns de hectáreas arboradas das que se aproveitan anualmente arredor de 10 millóns de metros cúbicos de madeira, o 50% da produción total en España.

Ademais, a cadea monte-industria galega supón o 1,8 % do PIB da comunidade e xera arredor do 12 % do emprego industrial, o que se traduce en 25.000 traballadores. No 2021, a facturación conxunta desta cadea de valor ascendeu a 2578 millóns de euros, un máximo histórico para Galicia desde o 2006.

O pasado mes de xuño presentamos os primeiros resultados do Inventario Forestal de Galicia, na que a Xunta inviste un orzamento superior aos 3 millóns de euros. Neste senso, parte dese financiamento correspóndese a un convenio coas universidades de Vigo e Santiago para o desenvolvemento do inventario e o resto para distintas ferramentas necesarias para a súa correcta elaboración.

A finalidade do inventario é coñecer de maneira precisa e actualizada non só a cantidade de madeira rexistrada nos montes senón tamén a súa calidade e dispoñibilidade para o mercado, algo esencial para a planificación e a toma de decisións. Entre as posibilidades



que ofrece está, entre outras, o cálculo preciso da superficie que ocupan as diferentes especies forestais na nosa comunidade e unha cualificación segundo a súa dispoñibilidade. Por exemplo, contéplanse variables como a pendente, a distancia a pistas ou a fragmentación dunha masa forestal.

Lembramos que o deseño e desenvolvemento do Inventario tamén está recollido no **Plan Forestal de Galicia 2021-2040 "Cara á neutralidade carbónica"**, dentro do eixe V (Estatística, formación e investigación forestal).

Tal e como recolle o Inventario Forestal Continuo, Galicia conta cunha superficie de preto de 1,5 millóns de hectáreas arboradas, das cales o 42,5 % da superficie correspóndese con frondosas (case 620.000 ha), seguidas por plantacións de coníferas (máis de 422.000 ha) e eucalipto (máis de 409.000 ha).

O Inventario forestal continuo constata que a superficie actual ocupada por eucalipto mantense en parámetros semellantes aos previstos no Plan Forestal de Galicia 2021-2040 que, con todo, prevese revisar no horizonte de 2025. Será entón cando, de acordo co sector, analícese os datos e tómense as medidas oportunas.

O control das especies presentes nos montes galegos faise a través do Inventario Forestal de Galicia, un instrumento de control e planificación básico. Permite o cálculo preciso da superficie que ocupan as diferentes especies forestais da nosa comunidade e unha cualificación segundo a súa dispoñibilidade.

Este inventario realízase a través dun convenio de colaboración asinado entre a Xunta e as universidades de Vigo e Santiago. Estes centros presentaron informes con mapas de dispoñibilidade do recurso baseándose en datos obtidos por imaxes satélite. Tivéronse en conta variables como a forma, a superficie, a pendente das parcelas e mesmo a distancia das pistas ás estradas, así como posibles condicionantes na xestión dos bosques.

Por outra banda, presentáronse tamén informes detallados con resultados obtidos no inventario piloto da rede base de parcelas forestais que se mediron ao longo do ano 2021





por brigadas forestais da Xunta. A calidade da toma de datos foi excelente e os resultados poñen de relevo a diversidade de especies e idades que existen en Galicia. O protocolo de recollida, así como os datos brutos que foron recompilados polas brigadas de campo, tamén están dispoñibles para o seu uso público.

A maiores, a Consellería do Medio Rural realizou, en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, un portal web para que os datos do Inventario Forestal Continuo de Galicia estean dispoñibles de xeito público. Trátase dun sitio web completo no que se pode acceder a un visor cartográfico para a súa consulta”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2023 13:32:56
Nº Rexistro: 60085
Data envío: 20/09/2023 13:32:56.174

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2023 11:32:50

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 54956**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o estado da tramitación do informe que debe emitir a Comisión Técnica de Accesibilidade da Xunta de Galicia en relación co Proxecto de ordenanza municipal reguladora da instalación e uso de terrazas de veladores en espazos públicos, así como sobre as consideracións da Xunta respecto da materia da devandita ordenanza"**, (publicada no BOPG número 523, do 12 de xullo de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude**, que ten o seguinte contido:

"A Comisión Técnica de Accesibilidade ten por obxectivo impulsar o cumprimento da normativa sobre promoción de accesibilidade e eliminación de barreiras da Comunidade Autónoma e tamén resolver as dúbidas que poidan xurdir sobre a interpretación de calquera aspecto da normativa na súa aplicación práctica, emitindo ditames ao respecto.

Así mesmo, a Comisión (CTA) é o órgano competente para a tramitación dos expedientes sancionadores e fai as propostas de resolución de sancións aos órganos colexiados competentes, tal e como establece o artigo 70, da Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade.

A Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade establece os supostos nos que é necesario ditame favorable da Comisión Técnica de Accesibilidade e os refire cando non se poidan cumprir condicións que establece a propia lei.

De acordo con isto, ao non estar referida a solicitude de ditame do Concello de Ourense ao incumprimento de condicións establecidas pola normativa autonómica de accesibilidade,



non procede a emisión dun ditame por parte da Comisión Técnica de Accesibilidade. Así se informou ao Concello no pasado mes de xullo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 10:41:04
Nº Rexistro: 60167
Data envío: 21/09/2023 10:41:04.319

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 8:41:01

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 55117**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Martín Seco García e dona Leticia Gallego Sanromán, sobre **"as declaracións do máximo accionista de Ferroglobe respecto do Goberno galego e as actuacións que este debe levar a cabo para que a factoría de Arteixo poida obter enerxía renovable a prezos competitivos"**(publicada no BOPG número 523 do 12 de xullo de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"O 06 de setembro de 2023 a Xunta de Galicia deu resposta á pregunta oral número de rexistro 55482 sobre as declaracións do máximo accionista de Ferroglobe respecto do Goberno galego e as actuacións que este debe levar a cabo para que a factoría de Arteixo poida obter enerxía renovable a prezos competitivos, a proposta do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

A continuación, inxírese ligazón á mesma:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZmI0NWVjMzEtYTQ4Yy00MTAyLWI1ZDI0YyYyNGZjZDIwMGEx&start=83>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 10:55:01
Nº Rexistro: 60188
Data envío: 21/09/2023 10:55:01.960

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 8:54:58

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 45463**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a axenda do director da Axencia Galega de Infraestruturas"**, (publicada no BOPG número 432, do 5 de xaneiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"O 21 de setembro de 2022 o director da Axencia Galega de Infraestruturas reuniuse co alcalde do Concello de Dodro, de acordo coa solicitude remitida desde a Administración local.

Por parte do Concello trasladouse unha documentación técnica que se remitiu, para a súa análise e consideración, ao persoal técnico da AXI".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 09:35:54
Nº Rexistro: 59984
Data envío: 19/09/2023 09:35:54.041

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2023 7:35:50

CSV: BOPGDSPG-7yeLymOok-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 45549**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/s do mesmo grupo, sobre **"o proxecto de real decreto polo que se establecen normas para a nutrición sostible dos solos agrarios"**, (publicada no BOPG número 432, do 5 de xaneiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A finais de 2020, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (en adiante, MAPA), enviou ás comunidades autónomas un borrador inicial de Real Decreto para regular a fertilización agrícola, momento no cal a Consellería do Medio Rural foi consciente do estado desta normativa elaborada por parte do Goberno central. A raíz disto, tanto en outubro do mesmo ano como en febreiro de 2021, a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia presentou alegacións ao texto, despois de encontrar varias eivas importantes.

Tras varias versións do borrador, a Consellería volvería a presentar ata en dúas ocasións novas alegacións ao documento; e, finalmente, este publicárase o pasado 29 de decembro de 2022 no BOE –RD 1051/2022, do 27 de decembro, polo que se establecen normas para a nutrición sostible nos solos agrarios–.

Neste sentido, as alegacións da CMR trataban de minorar o impacto deste RD no sector agrario galego, posto que as súas disposicións afectan, en maior ou menos medida, a todas as explotacións profesionais con terra agrícola de Galicia. Así mesmo, non se tiveron en conta as características do sector da Cornixa cantábrica; ergo, o MAPA acabou por publicar un texto con eivas importantes, como se especificou anteriormente.



En definitiva, o RD bota enriba das comunidades a aplicación dunha norma redactada pola administración central, que non recolleu meirande parte das alegacións de importancia de Galicia e que, ademais, obrigará a publicar normas autonómicas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 10:44:11
Nº Rexistro: 60187
Data envío: 21/09/2023 10:44:11.069

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 8:44:07

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 45553**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e outros/as deputados/s do mesmo grupo, sobre **“as medidas implementadas pola Xunta de Galicia para conter a praga da rata toupa na Montaña lucense”**, (publicada no BOPG número 432, do 5 de xaneiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Tal e como se acordou en Comisión 7.^a, o Goberno galego está a continuar establecendo e intensificando as medidas técnicas para o control da praga da rata toupa na Montaña lucense (charlas informativas, uso de trampeo, uso de fosfuro de aluminio en zonas moi específicas, recomendación de realizar labores profundas de labrado, favorecer a fauna depredadora útil, etc.). Entre elas, tamén se atopa o impulso aos pasteiros nos montes veciñais en man común en zonas onde exista risco de afectación e as actuacións de mellora e mantemento nos existentes”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 10:44:00
Nº Rexistro: 60186
Data envío: 21/09/2023 10:44:00.679

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 8:43:57

CSV: BOPGDSPG-7yeLymOok-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 45556**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e outros/as deputados/s do mesmo grupo, sobre **"o desenvolvemento do deseño dos sistemas de transferencia de coñecemento e innovación agrícolas"**, (publicada no BOPG número 432, do 5 de xaneiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"No contrato de xestión 2021-2024 da Axencia Galega da Calidade Alimentaria da Consellería do Medio Rural, proposto ao Consello Reitor da mesma en outubro de 2021 e aprobado integramente, faise unha clara aposta pola investigación e a transferencia, así como na formación do sector primario. Neste sentido, os centros de investigación agraria convértense no centro do AKIS galego –sistemas de transferencia de coñecemento e innovación agrícolas–, apoiados por outros centros e entidades existentes na propia comunidade autónoma con competencias na investigación no ámbito agrario, como é, de feito, o Centro Tecnolóxico da Carne ou as unidades do Sistema Universitario de Galicia, entre outros. Ademais, a Lei da calidade alimentaria –actualmente en tramitación parlamentaria–, constitúese como unha canle idónea para o impulso ao asesoramento, apoio e proposta para os asuntos referidos á ordenación, promoción, fomento e desenvolvemento da calidade alimentaria de Galicia Tamén a formulación de propostas estratéxicas para a mellora da actividade económica, do emprego e a formación no sector alimentario, así como a proposta de liñas de investigación e estudo sobre cuestións de interese para a calidade alimentaria de Galicia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 10:43:52
Nº Rexistro: 60185
Data envío: 21/09/2023 10:43:52.663

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 8:43:49

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 45558**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/s do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego para dar cobertura financeira ás axudas das explotacións en ecolóxico"**, (publicada no BOPG número 432, do 5 de xaneiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Esta cuestión foi contestada polo conselleiro do Medio Rural en Pleno do Parlamento de Galicia o pasado 8 de febreiro de 2023 respondendo á interpelación con número de rexistro 44622.

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NDhkmjFLYTYtZWNIYi00MzAyLWlwZTQtOGFkNmZjZTZlMDA3&start=5557>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 10:55:45
Nº Rexistro: 60191
Data envío: 21/09/2023 10:55:45.116

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 8:55:40

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 45559**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e outros/as deputados/s do mesmo grupo, sobre **"as medidas previstas pola Consellería do Medio Rural en relación co sector do vacún de carne ante a entrada en vigor do novo período da política agraria común 2023-2027"**, (publicada no BOPG número 432, do 5 de xaneiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia apoia de xeito decidido ao vacún de carne, tanto con axudas directas anuais como con achegas extraordinarias e medidas a curto, medio e longo prazo, independentemente das circunstancias que se sucedan. Aínda así, e entendendo a importancia que posúe a entrada da Política Agraria Común (en adiante, PAC) 2023-2027, solicitamos ao Goberno central unha flexibilización dos requisitos desta nova campaña, incluídos os eco-réximes e o caderno dixital, así como a posibilidade de modificar o primeiro piar da PAC, para igualar o apoio ás vacas nutrices do vacún de carne co apoio que ten actualmente o vacún de leite –entre outras demandas, como a aplicación da rebaixa do IVE da carne, aínda que sexa temporal–".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 10:55:35
Nº Rexistro: 60190
Data envío: 21/09/2023 10:55:35.460

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 8:55:32

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 45561**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e don Xosé Luis Rivas Cruz, sobre **“as medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia para evitar o risco de zootransmisión nas granxas de visón americano”**, (publicada no BOPG número 432, do 5 de xaneiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Medio Rural puxo en marcha unha serie de medidas para evitar o risco de zootransmisión nas granxas de visón americano, tales como a posta en consideración por parte deste tipo de explotacións de determinadas recomendacións como a vixilancia pasiva dos animais –para a detección de posibles enfermidades–, o incremento das medidas de bioseguridade nas unidades de produción, a restrición do acceso de persoal alleo sempre e cando sexa posible, a prohibición de necropsias nin outras manipulacións de risco, etc., (entre outras iniciativas xurdidas todas elas para minimizar a posibilidade de que se produza a devandita transmisión de enfermidades entre os animais)”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 10:55:26
Nº Rexistro: 60189
Data envío: 21/09/2023 10:55:26.601

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 8:55:20

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 45564**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia a iniciativa de don Adrián Pardo López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración que fai a Xunta de Galicia respecto do anuncio de ampliación da ponte da Pasaxe"**(publicada no BOPG número 432 do 5 de xaneiro de 2023) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"O 21 de agosto de 2023 o Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana (Mitma) anunciou a aprobación do proxecto da primeira fase de ampliación e humanización da Ponte Pasaxe, na estrada AC-12, sobre a ría do Burgo.

O Mitma debe agora continuar coa redacción do proxecto de construción onde se defina a actuación co grao de detalle preciso para facer factible a súa construción e explotación. Unha vez aprobado este proxecto de construción, deberá licitar as obras.

É positivo que avance a tramitación, pero pode ser preocupante a división en dúas fases, xa que para a segunda quedan dúas intervencións críticas para a mellora do tráfico, como son o ramal directo da AC-12 cara á Ponte Pasaxe, así como o paso inferior da glorieta de Santa Cristina (Oleiros)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 12:55:07
Nº Rexistro: 60234
Data envío: 21/09/2023 12:55:07.304

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 10:55:04

CSV: BOPGDSPG-7yeLymOok-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 45599**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Elena Candia López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o balance fai o Goberno galego do desenvolvemento do Plan de pastos de Galicia"**, (publicada no BOPG número 432, do 5 de xaneiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Esta cuestión foi contestada polo director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentaria o pasado 10 de febreiro de 2023 en Comisión 7.^a con número de rexistro 47601.

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NjNkZWY3YWUtZDE4NS00YWVjLTkxY2UtMDg4ZWZhNGI4M2Y0>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 12:54:57
Nº Rexistro: 60233
Data envío: 21/09/2023 12:54:57.819

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 10:54:51

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 45600**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Elena Candia López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións e investimento realiza este departamento para o funcionamento das oficinas agrarias comarcais existentes en Galicia"**, (publicada no BOPG número 432, do 5 de xaneiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería do Medio Rural xa ten posto en marcha un plan de reestruturación dos edificios institucionais co fin de mellorar as aproximadamente 200 localizacións coas que conta, tamén as Oficinas Agraria Comarcais (que pasarán a denominarse Oficinas Rurais) e as instalacións asociadas ao Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais. Para ditas obras tense encomendado unha inversión particular en cadanseu proxecto".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 12:54:46
Nº Rexistro: 60232
Data envío: 21/09/2023 12:54:46.741

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 10:54:41

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 45748**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outros/as deputados/s do mesmo grupo, sobre **"a opinión da Xunta de Galicia respecto do funcionamento da política de prevención de incendios"**, (publicada no BOPG número 432, do 5 de xaneiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A implicación da Administración autonómica nas actuacións preventivas incrementouse notablemente nos últimos anos. Neste 2023, e deica marzo do próximo ano, estase a desenvolver o Plan de prevención, adscrito ao Pladiga, que consolida o compromiso de accións preventivas como a xestión da biomasa nas faixas secundarias, a través do Convenio de protección das aldeas, e outras actuacións sobre o territorio (creación de áreas cortalumes, creación de faixas auxiliares, mellora de devasas, tratamentos silvícolas preventivos, mellora de pistas forestais, etc.). O obxecto é evitar que se produzan incendios forestais ou que, se se producen, a súa propagación sexa a menor posible. Ademais das accións dirixidas ao territorio, tamén se levan a cabo accións dirixidas á poboación tales como a sensibilización dos escolares, un programa de formación dirixido á poboación rural, campañas de difusión nos medios de comunicación, sistema de altera preventiva (Índice de Risco Diario de Incendio), regulación do uso do lume, elaboración de modificación da normativa (futura Lei de loita integral contra os incendios forestais), creación do Centro integral para a loita contra o lume, etc."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 10:43:42
Nº Rexistro: 60184
Data envío: 21/09/2023 10:43:42.929

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 8:43:40

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 45848**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Pérez López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións que vai adoptar o Goberno galego para garantir a recuperación da plena actividade produtiva e o mantemento do emprego no caso de se facer efectiva a venda anunciada da central hidroeléctrica de Xeal"**, (publicada no BOPG número 433, do 9 de xaneiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"Os dereitos concesionais do salto de Santa Uxía e nos ríos Xallas e Grande están vinculados á non segregación da actividade e ao mantemento do emprego e da actividade industrial. A modificación solicitada pola empresa XEAL sobre a concesión hidroeléctrica de Santa Uxía xa outorgada non implica alteración dos condicionantes da concesión impostos desde os anos 90 en relación co cumprimento da cláusula de non segregación das actividades de produción de enerxía eléctrica e de ferroalixaxes. O titular das concesións implantadas nos ríos Xallas e Grande, xa sexa a actual mercantil XEAL ou outra, está obrigado, inescusablemente e durante toda a vida dos títulos habilitantes, ao mantemento do emprego e a actividade industrial das fábricas; unha actividade á que estaba vinculado xa na súa orixe o destino das concesións hidroeléctricas, como así se plasmou nos diversos títulos de outorgamento concesional o fin industrial cara o que se proxectaba a enerxía eléctrica producida nos ríos Xallas e Grande".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 09:35:34
Nº Rexistro: 59982
Data envío: 19/09/2023 09:35:34.744

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2023 7:35:30

CSV: BOPGDSPG-7yeLymOok-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 45857**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María González Albert e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia para unha efectiva prevención dos incendios forestais"**, (publicada no BOPG número 433, do 9 de xaneiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A implicación da Administración autonómica nas actuacións preventivas incrementouse notablemente nos últimos anos. Neste 2023, e deica marzo do próximo ano, estase a desenvolver o Plan de prevención, adscrito ao Pladiga, que consolida o compromiso de accións preventivas como a xestión da biomasa nas faixas secundarias, a través do Convenio de protección das aldeas, e outras actuacións sobre o territorio (creación de áreas cortalumes, creación de faixas auxiliares, mellora de devasas, tratamentos silvícolas preventivos, mellora de pistas forestais, etc.). O obxecto é evitar que se produzan incendios forestais ou que, se se producen, a súa propagación sexa a menor posible.

Ademais das accións dirixidas ao territorio, tamén se levan a cabo accións dirixidas á poboación tales como a sensibilización dos escolares, un programa de formación dirixido á poboación rural, campañas de difusión nos medios de comunicación, sistema de altera preventiva (Índice de Risco Diario de Incendio), regulación do uso do lume, elaboración de modificación da normativa (futura Lei de loita integral contra os incendios forestais), creación do Centro integral para a loita contra o lume, etc."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 11:04:22
Nº Rexistro: 60194
Data envío: 21/09/2023 11:04:22.788

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 9:04:19

CSV: BOPGDSPG-7yeLymOok-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 45858**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Rivas Cruz e dona Montserrat Prado Cores, sobre **"a concentración parcelaria do concello de Agolada"**, (publicada no BOPG número 433, do 9 de xaneiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"En primeiro lugar, cómpre sinalar que o concello de Agolada conta, a data de hoxe, con 13 zonas de reestruturación parcelaria rematadas, que suman un total de 5.323 hectáreas, o que supón un 36% da superficie do municipio.

Neste respecto, as solicitudes das novas zonas de concentración parcelaria no concello de Agolada teñen que ser, como sucede co resto de solicitudes actuais para tal fin, avaliadas; isto permite determinar a súa adecuación ao establecido na Lei de mellora da estrutura territorial de Galicia (Metaga) no relativo aos obxectivos xerais de reestruturación. "

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 11:04:14
Nº Rexistro: 60193
Data envío: 21/09/2023 11:04:14.663

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 9:04:11

CSV: BOPGDSPG-7yeLymOok-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 45860**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María González Albert e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas tomadas pola Xunta de Galicia para levar a cabo unha prevención efectiva contra incendios nos parques naturais e espazos da Rede Natura 2000"**, (publicada no BOPG número 433, do 9 de xaneiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Esta cuestión foi contestada polo conselleiro do Medio Rural en Pleno do Parlamento de Galicia o pasado 14 de xuño de 2023 respondendo á interpelación con número de rexistro 37443.

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=OTg4Mzc1OTMtOTJjYS00YjM3LTliNGltZGFjY2U5NTI5YzA1&start=10857>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2023 13:35:11
Nº Rexistro: 60097
Data envío: 20/09/2023 13:35:11.283

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2023 11:35:06

CSV: BOPGDSPG-7yeLymOok-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 45862**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a opinión que ten o Goberno galego respecto do Real decreto 428/2022, do 7 de xuño, que desenvolve o Plan nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra de Ucraína, así como a exclusión das axudas ás explotacións extensivas de ceba tradicional"**, (publicada no BOPG número 433, do 9 de xaneiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería do Medio Rural liderou as demandas á Administración central e ás autoridades europeas da necesidade de axudar ao sector agrario, especialmente tralas consecuencias derivadas da guerra en Ucraína. Neste respecto, demandamos, ao igual que outras comunidades, a necesidade de implementar medidas concretas urxentes e, en adición, defendemos que fosen as propias autonomías as que distribúisen as axudas como mellor entendesen entre os seus subsectores agrarios, por teren un coñecemento superior ao do Goberno central sobre a situación do seu sector primario.

Indiferente, o Goberno español publico o Real Decreto Lei 6/2022, adoptando un Plan nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína. Ante este primeiro borrador, presentáronse distintas alegacións, encamiñadas á aumentar as axudas previstas para o vacún de carne, eliminar a incompatibilidade das axudas co resto de achegas económicas, etc.

Así e todo, desde o Goberno galego puxemos en marcha un importante paquete de medidas



para aliviar a situación do sector primario neste eido, en consideración da ineficacia que posúe o RDL publicado por parte do Goberno central (estratexias sectoriais, anticipos das axudas directas da PAC, protocolo de entendemento sector da carne, axudas extraordinarias, etc”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 10:43:33
Nº Rexistro: 60183
Data envío: 21/09/2023 10:43:33.679

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 8:43:28

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 45874**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Balseiro Orol e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración que fai o Goberno galego tras a entrada en vigor da Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga"**, (publicada no BOPG número 433, do 9 de xaneiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A valoración é positiva, xa que a Lei está a cumprir os obxectivos para os que foi concibida e que non son outros que regular, ampliar e estender a colaboración que presta a Xunta aos concellos nas súas competencias en materia de augas e facelo, ademais, en igualdade de condicións para todos.

Neste primeiro ano de vixencia da Lei, cinco municipios solicitaron a Augas de Galicia que se faga cargo de infraestruturas ou servizos da súa competencia relacionados co ciclo da auga. Concellos que se suman así aos titulares das 28 depuradoras que xa está a xestionar a Xunta".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 09:35:11
Nº Rexistro: 59980
Data envío: 19/09/2023 09:35:11.275

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2023 7:35:01

CSV: BOPGDSPG-7yeLymOok-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 45881**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Balseiro Orol e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os obxectivos que pretende acadar a Xunta de Galicia co novo Plan de seca da demarcación Galicia-Costa"**, (publicada no BOPG número 433, do 9 de xaneiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola directora de Augas de Galicia en resposta á pregunta oral en Comisión número 56709, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 6 de setembro de 2023, á que nos remitimos.

Na súa intervención, a directora de Augas de Galicia salientou que a Xunta aposta por ferramentas como o Plan da seca da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, e coordinación das administracións e a implicación dos cidadáns para mellorar a xestión da auga. Tamén destacou que, aínda que a Xunta está a realizar un esforzo constante para ter unha mellor planificación que permita anticiparse, mellorar as instalacións de abastecemento e ter máis sistemas de control para coñecer en tempo real toda a información, os concellos deben dotarse dos Plans de emerxencia municipal ante situacións de seca, que permiten o establecemento de medidas específicas a nivel local, reducindo a vulnerabilidade.

A resposta completa da directora de Augas de Galicia pode verse nos seguintes enlaces:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=NGVhMmRLZWQtNWM1OC00ZjFhLTljYmItZTllMjRmMTNjNTcx&start=1716](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NGVhMmRLZWQtNWM1OC00ZjFhLTljYmItZTllMjRmMTNjNTcx&start=1716)



<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NGVhMmRLZWQtNWM1OC00ZjFhLThjYmItZTllMjRmMTNjNTcx&start=2482>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 09:34:44
Nº Rexistro: 59978
Data envío: 19/09/2023 09:34:44.010

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2023 7:34:40

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 46135** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a previsión de construír unha rotonda na estrada AC-116 ao seu paso pola parroquia do Val, no concello de Narón"**(publicada no BOPG número 436 do 12 de xaneiro de 2023) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"O 20 de setembro de 2022 publicouse no DOG o anuncio polo que se someteu a información pública o proxecto "Glorieta no P.Q. 4+120 da AC-116 e conexión co Polígono Empresarial Río do Pozo". Polo tanto, a Xunta de Galicia non só tiña coñecemento desta cuestión, senón que estaba a traballar na mellora desta intersección.

O proxecto de construción está en supervisión, de cara a seguir avanzando para aprobación da información pública e o proxecto".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 12:54:36
Nº Rexistro: 60231
Data envío: 21/09/2023 12:54:36.366

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 10:54:33

CSV: BOPGDSPG-7yeLymOok-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 46365** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e don Luis Bará Torres sobre **"as previsións da Xunta de Galicia en relación co arranxo completo da estrada autonómica LU-636"**(publicada no BOPG número 436 do 12 de xaneiro de 2023) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A estrada LU-636 ten unha lonxitude de 31,47 quilómetros, une as poboacións de Sarria e Becerreá e conta con dous treitos moi diferenciados. O primeiro, o que vai desde a localidade de Saa ata Becerreá, onde está situado o Alto de Vilaesteba, ten un trazado coas características propias dunha estrada de montaña. Neste tramo contabilízase a circulación de 574 vehículos diarios (ano 2022).

O tráfico, especialmente as mercadorías, que desde Sarria teñen orixe e destino a A-6 para ir á Meseta, a día de hoxe optan por ir ata Nabela para coller a A-6 dado que a LU-636 é impracticable para elas.

A Axencia Galega de Infraestruturas realizou un estudo previo para o acondicionamento da LU-636 e variante de Becerreá, no que se analiza o tipo de acondicionamento da estrada desde unha perspectiva da eficiencia na inversión, dada a orografía do tramo entre o P.Q. 16+000 e o 27+500, avaliando a ampliación



da plataforma, a rectificación de curvas e a disposición dalgún treito de terceiro carril.

O obxectivo da Xunta de Galicia era o acondicionamento desta estrada con financiamento dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, como así llo solicitou formalmente ao Goberno central, ao entender que actuacións como esta, claves para o impulso demográfico, poderían ter cabida nos fondos Next Generation. Pero as condicións unilaterais e discriminatorias impostas no reparto destes fondos europeos polo Goberno de España fixérono imposible.

Debido a isto, o acondicionamento desta estrada deberá ser asumido con fondos propios da Xunta de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 12:54:27
Nº Rexistro: 60230
Data envío: 21/09/2023 12:54:27.476

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 10:54:24

CSV: BOPGDSPG-7yeLymOok-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 46367** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as graves afectacións do trazado da autovía AG-59 desde A Ramallosa (concello de Teo) até O Rollo (concello da Estrada)"**(publicada no BOPG número 436 do 12 de xaneiro de 2023) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego vén de aprobar o proxecto de construción de 3,5 quilómetros da autovía Santiago-A Estrada, entre A Ramallosa e o enlace coa estrada AC-241, en Pontevea, no municipio de Teo, e de licitar e adxudicar a execución das obras.

Este tramo dá continuidade ao treito da autovía libre de peaxe que xa se atopa en servizo e que supón un investimento da Xunta de máis de 33 millóns de euros.

O proxecto de trazado conta coa declaración de impacto ambiental favorable por parte do organismo competente.

Froito deste proceso, a Xunta, unha vez analizadas as achegas presentadas, incorporou ao proxecto construtivo un novo camiño de servizo entre os puntos quilométricos 106+300 ao 106+700, para dar continuidade e posibilitar a comunicación entre ambas as marxes da autovía. Ademais, executarase un novo camiño de servizo paralelo ao tronco da autovía proxectada entre os puntos



quilométricos 107+120 ata o 107+320 coa finalidade de mellorar os accesos e comunicacións entre ambas as marxes da nova infraestrutura, das leiras e explotacións gandeiras existentes nesta entorna.

Tamén se realizará un cambio de trazado e a reposición do oleoduto Coruña-Vigo, que atravesa a traza da AG-59, e modificarase a sección dos pasos inferiores dos eixos 11 e 19 (puntos quilométricos 106+320 e 107+119) e do paso superior do eixo 17 (punto quilómetro 104+789) co obxectivo de dar continuidade ao Camiño da Geira e dos Arrieriros interceptados pola actuación.

A prolongación da AG-59 é un obxectivo estratéxico da Administración autonómica para mellorar a seguridade viaria e a vertebración territorial polo que está a traballar tamén no proxecto de construción das obras da segunda fase, que suporán outros 4 quilómetros entre Pontevea e O Rollo, xa no municipio da Estrada".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 12:54:10
Nº Rexistro: 60228
Data envío: 21/09/2023 12:54:10.819

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 10:54:08

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 46528**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noelia Otero Lago e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as persoas beneficiarias da tarxeta Xente Nova e as limitacións á súa concesión"**, (publicada no BOPG número 436, do 12 de xaneiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"No momento de contestar esta iniciativa, contabilízanse preto de 150.000 tarxetas Xente Nova operativas, das que 4.209 activáronse durante o pasado mes de xullo, que permiten viaxar de balde nos autobuses de competencia autonómica, cun tope de 60 viaxes ao mes, aos menores de 21 anos. Os usuarios do transporte público dependente da Xunta de Galicia maiores de 21 anos poden beneficiarse das bonificacións que supón o emprego da tarxeta TMG. Así, de entrada, o pago coa TMG supón a aplicación, como mínimo, dun 10% de desconto sobre a tarifa en efectivo. A maiores, por recorrencia, aplícase entre un 25% e un 50% de desconto máis, segundo o número de viaxes realizadas, e hai a posibilidade de adquirir bonos mensuais con descontos complementarios específicos. Desde setembro de 2022, ademais, aos descontos da Xunta súmase unha bonificación adicional do 50% para todas as viaxes que se paguen coas tarxetas de transporte da Xunta ou mediante bonos multiviaxe. Non hai que esquecer tampouco que o Plan de transporte de Galicia contempla tamén tarifas sociais, descontos por concesión e a posibilidade de establecer convenios especiais cos concellos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 13:40:43
Nº Rexistro: 60034
Data envío: 19/09/2023 13:40:43.447

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2023 11:40:39

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 49229**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia para mellorar a comunicación viaria entre Ourense e Lugo coa execución da autovía A-56 e as consecuencias da ausencia desta infraestrutura"**(publicada no BOPG número 454 do 15 de febreiro de 2023) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A actuación á que se refire a iniciativa está planificada desde hai 18 anos (Plan Galicia, ano 2003), e que conta cun investimento previsto de 525 millóns de euros dos que só se executaron 47 millóns, é dicir, un 9% do investimento total previsto. A Variante Norte de Ourense é o primeiro tramo da A-56, e ten como finalidade canalizar tamén os tráfico da futura A-76 (Ourense-Ponferrada) e de servir como variante dos tramos urbanos N-120 e N-540.

O tramo A Barrela-San Martiño, entre as provincias de Ourense e Lugo, con moi pouca funcionalidade, púxose en servizo en outubro de 2020 despois de máis de 10 anos de obras. A Variante Norte de Ourense licitouse o 13 de outubro de 2021, estando adxudicadas as obras pero na actualidade practicamente sen avances. O resto da A-56 está paralizada e practicamente desaparecida dos orzamentos do Estado para 2023.



O desenvolvemento desta autovía é unha cuestión que se está a reclamar en todas as reunións que se producen entre a Xunta e o Goberno central, xa que se trata dunha actuación fundamental para as comarcas de Lugo, A Ulloa, Chantada, Sarria, Terra Cha, Terra de Lemos e Ourense.

Nestas reunións estase a solicitar o pulo das obras da A-56 co avance inmediato do tramo San Martiño-Cambeo que outorgue funcionalidades ao tramo San Martiño - A Barrela, único tramo en funcionamento, e co avance dos proxectos Quintela-A Casilla e A Casilla-Cambeo, que dan continuidade á Variante Norte de Ourense”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 12:53:44
Nº Rexistro: 60225
Data envío: 21/09/2023 12:53:44.976

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 10:53:41

CSV: BOPGDSPG-7yeLymOok-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 49240**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a xestión dos sistemas de saneamento e depuración das augas residuais"** (publicada no BOPG número 454 do 15 de febreiro de 2023) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia está colaborando con todos os concellos de Galicia na mellora dos seus sistemas de saneamento e depuración mediante a convocatoria de diversas subvencións e a través do outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materia da súa competencia.

Os froitos desta colaboración son manifestos. Un indicador de como ten evolucionado o saneamento en Galicia é a capacidade de depuración, medida en habitantes equivalentes, é dicir, tendo en conta a poboación e a industria. Desde que se empezaron a construír as grandes depuradoras a finais dos anos oitenta do século pasado, o crecemento da capacidade de depuración en toda Galicia ten sido espectacular, con dous períodos moi significativos, o período 1990-2005, onde se incrementou a capacidade de depuración duns 500.000 habitantes equivalentes a uns 1.700.000, e do ano 2009 ata a actualidade, onde esa capacidade chegou aos 3.300.000 habitantes equivalentes.

Esta evolución positiva da capacidade de depuración ten que estar acompañada por unhas instalacións axeitadas, que traten as augas residuais e que as devolvan ao medio nunhas condicións que sexan compatibles coas importantes actividades económicas



que se desenvolven nestes contornos, tales como as captacións, o marisqueo, a pesca, o turismo, etc.

Na Directiva europea, 91/271 establécense uns parámetros moi rigorosos para depurar as augas e a Xunta de Galicia está facendo un enorme esforzo para axudar aos concellos no seu cumprimento. Como mostra deste enorme esforzo da Administración autonómica, e coa única finalidade de reducir ao máximo os prazos de tramitación, incluso nalgúns casos se teñen tramitado as actuacións municipais como de interese da comunidade autónoma, como aconteceu na EDAR de Vigo ou a de Ribeira.

Así, o grado de cumprimento das condicións de vertido establecidas pola Directiva tamén está tendo unha evolución moi positiva en toda Galicia, pasándose dun 30% de depuradoras que non cumprían en 2007 á situación actual, onde cumpre máis do 90% das depuradoras de toda Galicia.

Todo isto pon de manifesto a eficacia nos investimentos e o bo facer na xestión, pero tamén a necesidade que continuar traballando. Con este fin, desde a Xunta de Galicia se teñen establecido varias liñas de actuacións en colaboración coas entidades locais. É o caso do programa de control de verteduras; do programa de seguimento da calidade das augas; dos plans de saneamento locais; da execución de diversas infraestruturas de saneamento e depuración e da asunción da explotación directa de 28 depuradoras municipais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 13:17:13
Nº Rexistro: 60244
Data envío: 21/09/2023 13:17:13.605

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 11:16:58

CSV: BOPGDSPG-7yeLymOok-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 49383**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Manuel Lourenzo Sobral e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os problemas de mobilidade e seguridade viaria no concello de Soutomaior"** (publicada no BOPG número 454 do 15 de febreiro de 2023) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia é a competente para a explotación das estradas de titularidade autonómica, cuxo fin é o de garantir unha axeitada mobilidade interurbana, xunto coa rede de estradas do Estado e complementada coas redes de titularidade das Deputacións provinciais.

Sen embargo, en treitos urbanos, concorren as competencias de concellos e da administración autonómica, xa que as estradas foron utilizadas como soporte para o crecemento urbano, con solo de titularidade municipal por cesións urbanísticas e por este espazo discorren servizos de titularidade municipal. Polo tanto, a actuación nun treito urbano é unha iniciativa que debe estudarse en cada caso concreto, a iniciativa do Concello, en función das circunstancias de cada treito, e ser avaliadas pola Administración autonómica de acordo coas prioridades globais da rede autonómica de estradas, dende o punto de vista técnico.



Precisamente, nesta liña o Concello de Soutomaior transmitiu os problemas da pasarela da marxe dereita da estrada PO-244 no tramo comprendido entre os P.Q. 12+300 e 12+480, nas proximidades dun centro educativo.

A Xunta de Galicia, sensible a esta cuestión, redactou, supervisou e aprobou un proxecto de substitución da pasarela. A obra foi licitada o 29 de marzo de 2023, cun orzamento de preto de 500.000 euros, e os traballos de execución comezaron o pasado mes de agosto.

A nova pasarela realizarase en plástico reciclado, posto que este material ofrece unha alta resistencia á humidade e á intemperie, non se acha nin sofre degradación, require dun mantemento mínimo e é de fácil instalación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 13:52:39
Nº Rexistro: 60265
Data envío: 21/09/2023 13:52:39.903

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 11:52:36

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 49583** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a reactivación das obras da vía Ártabra"**(publicada no BOPG número 458 do 22 de febreiro de 2023) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia está a rematar as obras do enlace da Vía Ártabra coa N-VI. A partir de aí, rescindirá o contrato coa UTE adxudicataria e volverá a reiniciar o procedemento para tramitar o proxecto de trazado coa AP-9.

Hai que salientar que as sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e do Tribunal Supremo, que obrigan a repetir a tramitación, cuestionan o procedemento seguido en 2009 para a aprobación do proxecto polo Goberno bipartito, pero non o trazado da estrada".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 12:53:27
Nº Rexistro: 60223
Data envío: 21/09/2023 12:53:27.241

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 10:53:24

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 49614** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a mellora da estrada autonómica PO-543 entre Pontevedra e Marín"** (publicada no BOPG número 458 do 22 de febreiro de 2023) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A estrada autonómica PO-313 conecta as vilas de Marín e Moaña cruzando os montes do Morrazo. O seu estado de conservación, dende o punto de vista da circulación de vehículos, é bo. Dispón dunha correcta sinalización vertical, así como sistemas de contención para protección de motocicletas. A Intensidade Media Diaria (IMD) no tramo mais próximo ao do treito presuntamente máis perigoso (Pardavila–A Cruz da Maceira) é de 5.077 vehículos/día.

Respecto da accidentalidade, indicar que, segundo os datos dos últimos anos, obtidos da Dirección Xeral de Tráfico, e de acordo coa metodoloxía aplicada non, se identificou ningún treito de concentración de accidentes (TCA) ao longo da estrada PO-313.

Por outra banda, salientar que a Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, está a traballar para mellorar de modo moi intenso a rede viaria de titularidade autonómica na península do Morrazo.

Así, estase a desenvolver o Plan de Sendas da Comarca do Morrazo, co que a Xunta está a habilitar en estradas autonómicas 8 itinerarios peonís seguros, sostibles e integrados na paisaxe cun investimento neste conxunto de sendas de 5,2 millóns de euros.



Tamén estanse a promover as actuacións necesarias para eliminar os Treitos de Concentración de Accidentes na rede autonómica de estradas nesta comarca. De feito, están practicamente rematadas as obras de mellora da seguridade viaria na estrada PO-551 en Bueu e Marín, e a mellora desta mesma estrada en Domaio (Moaña) e en Tirán (Moaña e Cangas), que supuxeron un investimento de 3,3 millóns de euros.

En consecuencia, a Xunta de Galicia está a traballar moi intensamente na mellora da rede viaria autonómica na península do Morrazo, con actuacións que implican un investimento de 8,5 M€ para a seguridade dos seus usuarios e que inclúe os treitos priorizados da PO-313. Esta programación de actuacións responde en ambos casos a criterios obxectivos, como son o cálculo coa metodoloxía establecida dos treitos de concentración de accidentes, e a estratexia para as sendas na comarca do Morrazo, que se pode consultar na páxina web da Axencia Galega de Infraestruturas.

Salientar, por último, que a actuación da DXT e a intensificación da vixilancia na estrada son medidas que buscan minorar o factor humano nos accidentes, que está detrás da maioría dos sinistros. Dende a Xunta de Galicia estase a traballar no mesmo sentido, e especificamente cos motoristas, levándose xa varios anos celebrando cursos de condución segura na área de Vigo en colaboración cos propios motoristas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 12:53:08
Nº Rexistro: 60221
Data envío: 21/09/2023 12:53:08.538

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 10:53:05

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 49624**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o grao de cumprimento da Lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario"**, (publicada no BOPG número 458, do 22 de febreiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A Lei 9/2019, de 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario establece entre os seus obxectivos o de garantir a prestación axeitada dos servizos de abastecemento de auga en alta e o subministro de auga en baixa, en todo o territorio de Galicia, cando exista un episodio de seca, tendo en conta os recursos hídricos dispoñibles, e, para elo, regula distintas normas e medidas.

Por elo, tal e como se recolle na exposición de motivos, nas disposicións adicionais régúlase a obrigatoriedade de que as administracións públicas responsables dos sistemas de abastecemento á poboación realicen auditorías e plans de actuacións sobre as perdas nas redes de abastecemento. Así, a disposición adicional segunda contén a obriga de que todas as administracións públicas responsables dos sistemas de abastecemento á poboación leven a cabo auditorías e aproben plans de actuacións para minimizar as perdas nos prazos indicados.

Sen embargo, hai ocasións nas que estas administracións públicas responsables xestionan os seus sistemas de abastecemento á poboación mediante empresas concesionarias, que poden ser titulares de concesións de auga. Por este motivo, dentro das disposicións adicionais, que entre outras cousas concretan medidas específicas sobre as redes de abastecemento, a sétima completa esta regulación para os casos nas que estas redes de abastecemento de auga en alta e o subministro de auga en baixa se xestionen por empresas privadas mediante contratos de concesión. Así, nestes casos, segundo esta disposición



adicional, son estas empresas as que deben realizar a auditoría e o plan de actuación, nos termos previstos na disposición adicional segunda. Ademais, segundo prevé a lei, as súas concesións poderán ser revisadas para adaptalas á dispoñibilidade de recursos hídricos.

No momento de responder a esta pregunta máis de 200 concellos tiñan enviado comunicacións en relación ao cumprimento destas obrigas da Lei”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 09:34:09
Nº Rexistro: 59975
Data envío: 19/09/2023 09:34:09.275

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2023 7:33:58

CSV: BOPGDSPG-7yeLymOok-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 49660**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres e don Manuel Lourenzo Sobral, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto das demandas veciñais e do Concello de Poio en relación coa mellora da seguridade viaria na estrada PO-308"** (publicada no BOPG número 458 do 22 de febreiro de 2023) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"Neste momento a Xunta de Galicia está a realizar un esforzo importante na seguridade viaria no concello de Poio. Ten executadas ou en distintas fases de tramitación, un amplo conxunto de actuacións na estrada PO-308, coas que se está a converter nunha referencia de seguridade viaria. A día de hoxe só é necesario un percorrido pola estrada para constatar a súa grande transformación nos últimos anos, ao longo de toda a súa lonxitude. Así, no marco do Plan de Sendas de Galicia a estrada PO-308 suma 19 quilómetros de novas sendas, contando ambas marxes.

O "Itinerario peonil e ciclista na PO-308 O Covelo-Raxó. P.Q. 8+190-11+890", xa en servizo, é unha senda de 3,7 quilómetros, desde a travesía de Samieira ata o final da travesía de Raxó. Executouse simultaneamente coas obras "Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020: MSV no entorno de TCA's na estrada PO-308, P.Q. 8+700 ao 12+700", entre a intersección coa rúa de acceso ao peirao do Covelo e o miradoiro da Granxa.



A "Mellora viaria para o fomento da mobilidade sostible na PO-308. Treito Fontenla – Combarro" é resultado da integración nunha soa actuación dos proxectos "Itinerario peonil e ciclista na PO-308 Fontenla-Combarro. P.Q. 3+500-5+150" e "MSV no entorno de TCA na estrada PO-308, P.Q. 3+500 – 5+100, Fontenla". Con esta actuación, en execución e cun investimento de 1,76 millóns de euros, créase unha senda na marxe esquerda, entre os P.Q. 3+500 e 5+150, e na marxe dereita entre os P.Q. 3+500 e a intersección situada no P.Q. 3+620. E, de forma complementaria, mellórase a seguridade viaria, con 5 melloras de interseccións incluíndo dúas novas glorietas, ou a mellora dos pasos de peóns.

Ademais, está previsto avanzar no proxecto do "Itinerario peonil e ciclista na PO-308. Treito: Combarro-Chancelas-Samieira. P.Q. 5+680 - 8+200", tralo trámite de información pública.

As actuacións sinaladas, tanto as executadas como as que están en execución, son a prioridade agora mesmo para a Axencia Galega de Infraestruturas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 13:52:31
Nº Rexistro: 60264
Data envío: 21/09/2023 13:52:31.357

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 11:52:24

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 49661**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a execución dos fondos do programa operativo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional 2014-2020"**, (publicada no BOPG número 458, do 22 de febreiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"As actuacións de saneamento e depuración sobre as que se está traballando no marco do programa operativo FEDER 2014-2020 son as que figuran no anexo 11 dese programa, que foron determinadas pola propia Comisión Europea como susceptibles de ser financiadas con eses fondos europeos.

En xeral, a execución de infraestruturas hidráulica é sempre dificultosa, con grandes afeccións sectoriais e cunha grande repercusión social. No caso de que esta execución teña financiamento europeo estrémase aínda máis, se cabe, o celo no seu desenvolvemento, xa que está sometida a constantes e rigorosos controis e auditorías.

Estas actuacións requiren un complexo traballo previo de planificación e estudo para garantir unha óptima solución técnica e viable desde o punto de vista ambiental, social e económico. Ademais precisan do acordo das distintas administracións con competencias, tanto da Administración estatal, como da autonómica ou a local.

A redacción dos anteproxectos e dos proxectos construtivos ten que cumprir todas as esixencias sectoriais que permitan a execución das obras. Son especialmente relevantes nas actuacións elixibles as autorizacións da Dirección Xeral da Costa e do Mar, dependente do Ministerio de Transición Ecolóxica, que ten mudado os seus criterios durante o desenvolvemento do programa operativo, cunha grande incidencia nos proxectos desenvolvidos e nos tempos de tramitación, con actuacións que finalmente non foron



autorizadas a pesares de dispor de informes favorables dos propios servizos provinciais de Costas.

Tamén é moi relevante a necesidade de prestar especial atención á localización das infraestruturas, para as que os concellos beneficiarios das actuacións teñen que garantir a dispoñibilidade dos terreos. Esta tramitación é imprescindible, pero adoita ser delicada desde o punto de vista social para as entidades locais que teñen que levar a cabo o proceso, polo que os prazos moitas veces se demoran no tempo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2023 13:34:56
Nº Rexistro: 60096
Data envío: 20/09/2023 13:34:56.690

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2023 11:34:52

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 51755**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e dona Rosana Pérez Fernández, sobre **"as medidas previstas polo Goberno galego para a reorientación económica"**(publicada no BOPG número 475 do 30 de marzo de 2023) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"Galicia recuperou xa no ano 2022 o nivel do PIB prepandemia antes que a media de España, que o fixo no primeiro trimestre deste ano. Así, a economía galega medrou un 2,8% entre xaneiro e marzo, a cifra máis alta nun primeiro trimestre desde o ano 2018.

Ademais, hai outros indicadores que avalan e evidencian este crecemento:

- As exportacións galegas seguen rachando récords mes tras mes e en maio acadouse unha nova cifra histórica, superando os 12.300 millóns de euros (+6,05% máis respecto a 2021, 11.609 millóns de euros); facendo que Galicia presente a mellor balanza comercial de España no que vai de 2023.

- O Índice de Producción Industrial (IPI) da Comunidade no que vai de ano tamén crece, concretamente nun 5,6%, cando o crecemento de España é do 0,2%.

- As vendas ao comercio experimentaron un crecemento en xuño do 5,1% respecto ao mesmo período do ano anterior.

- A constitución de empresas ata o pasado mes de xuño era de máis de 2.200 sociedades (un 2,2% máis), facendo un total de 81.319 empresas.

- A taxa de débeda no primeiro trimestre de 2023 situouse no 17,7%, sendo a Comunidade Autónoma con menor aumento do volume da débeda desde 2008.



Á vista destes datos, a Xunta de Galicia continuará pola senda establecida, mantendo un diálogo directo co sector privado e apoiando ao tecido produtivo no seu conxunto para seguir afianzando o crecemento da sociedade e, polo tanto, da economía galega. Ademais, as previsións económicas estiman que Galicia crecerá por riba do 1,7% fixado para este ano e ao redor do 2% en 2024, como a media nacional.

E todo isto grazas a unha xestión previsible e unha planificación ordenada que executa a Xunta de Galicia, que cre nunha política económica onde o desenvolvemento industrial é compatible coa protección do medio natural, onde o crecemento empresarial e a competitividade son compatibles coa protección dos dereitos das persoas traballadoras, e onde os grandes investimentos teñen que combinarse con apoios a pemes, micropemes e persoas traballadoras autónomas, asegurando o seu asentamento no territorio”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 10:43:00
Nº Rexistro: 60180
Data envío: 21/09/2023 10:43:00.929

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 8:42:57

CSV: BOPGDSPG-7yeLymOok-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 51888**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia a iniciativa de don Adrián Pardo López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración que fai a Xunta de Galicia do avance das obras en Sol y Mar e das alternativas para a mobilidade que ofrece o Goberno de España entre Oleiros e A Coruña"**(publicada no BOPG número 475 do 30 de marzo de 2023) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia solicitou á Subdelegación do Goberno na provincia da Coruña que adopte medidas para evitar a incidencia que as retencións causadas polas obras do cruce de 'Sol y Mar' teñen nos horarios do transporte público interurbano.

Desde que o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana iniciou as obras na intersección da AC-12 (antiga N-VI) coa DP-5803, coñecida como cruce de 'Sol y Mar', se veñen repetindo as retencións nos accesos á Coruña desde o leste e o sur. As maiores retencións prodúcense na entrada á cidade a primeira hora da mañá e na saída ao mediodía.

Os vehículos de transporte público veñen soportando atrasos debido a estas obras, que se acumulan e causan desvíos de ata media hora con respecto aos horarios programados, impactando moi negativamente nos usuarios.



A pesar do esforzo realizado pola Administración autonómica e polas compañías de autobuses, poñendo servizos de reforzo, os problemas non desapareceron. A Subdelegación do Goberno na provincia da Coruña nin sequera habilitou un corredor prioritario para o transporte público, cando menos, nas horas punta”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 11:04:06
Nº Rexistro: 60192
Data envío: 21/09/2023 11:04:06.476

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 9:04:03

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 7ª- **número 52370**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións para os proxectos de medianas explotacións agrícolas ou gandeiras de carácter familiar no polígono industrial de iniciativa pública situado en Teixeira, no concello de Curtis"**, (publicada no BOPG número 480, do 12 de abril de 2023), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Esta cuestión foi contestada pola directora da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, da Consellería do Medio Rural, na Comisión 7ª o pasado 8 de setembro de 2023 respondendo á pregunta nº 55578."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2023 13:34:24
Nº Rexistro: 60093
Data envío: 20/09/2023 13:34:24.752

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2023 11:34:20

CSV: BOPGDSPG-7yeLymOok-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 52486**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Eduardo Ojea Arias e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **"a valoración do Goberno galego da posta en marcha do Programa de rehabilitación enerxética de edificios 5000 nos concellos de menos de 5000 habitantes no ano 2022"**(publicada no BOPG número 480 do 12 de abril de 2023) Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"A convocatoria desta axuda publicouse no Diario Oficial de Galicia do 4 de novembro de 2021, con anualidades para 2022 e 2023. O financiamento das axudas realízase exclusivamente con fondos da Unión Europea, sen achega de fondos propios do Goberno central.

A convocatoria contaba cun orzamento de 3.658.196 euros, concedéndose axudas por importe de 3.546.097,43 euros, cun grado de execución do 96,94%".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 10:42:43
Nº Rexistro: 60178
Data envío: 21/09/2023 10:42:43.366

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 8:42:40

CSV: BOPGDSPG-7yeLymOok-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 52894**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Daniel Pérez López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas previstas polo Goberno galego para mellorar as taxas de demografía empresarial"**(publicada no BOPG número 486 do 26 de abril de 2023) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia traballa nun modelo industrial e empresarial acorde ao actual contexto social e económico. Unha pauta de actuación marcada, hoxe en día, pola situación de inestabilidade derivada da invasión rusa a Ucraína, que agravou un escenario xa complicado.

Pese a todo, as cifras macroeconómicas amosan unha Galicia que segue a dar pasos sólidos, recuperando o nivel do PIB previo á pandemia, logo dos incrementos rexistrados nos últimos trimestres do ano, tanto en prezos correntes (68.817,3 millóns de euros no ano 2022 fronte aos 63.757,8 millóns de euros no ano 2019), coma en termos de índices de volume encadeados (no cuarto trimestre de 2022 acádase o mesmo valor do último trimestre de 2019, o máximo da serie histórica ata o momento).

Así mesmo, cómpre destacar tamén que prevese que o PIB per cápita vaia seguir crecendo por riba da media estatal, como ocorre desde 2008 (España +5,7% e



Galicia +11,13%); que as exportacións galegas marcasen neste último ano un récord histórico rozando os 30.000 millóns de euros, un 18,3% máis que no 2021, o que permite a Galicia contar cunha balanza comercial de 2.802 millóns, mentres que no conxunto do Estado o saldo continúa a ser deficitario; e que a cifra do desemprego descenda, por primeira vez na Comunidade nos últimos 27 anos, por debaixo das 130.000 persoas, a cifra máis baixa de toda a serie histórica, desde o ano 1996.

Estes datos falan do bo traballo que, pese ás dificultades, vén realizando o tecido produtivo galego, acompañado en todo momento pola Xunta de Galicia a través de distintos programas, liñas e actuacións que permiten tanto o inicio como a consolidación da súa actividade e o reforzo da súa competitividade, na procura de manter unha industria e unha economía sólida e con futuro”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 10:42:27
Nº Rexistro: 60176
Data envío: 21/09/2023 10:42:27.913

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 8:42:25

CSV: BOPGDSPG-7yeLymOok-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 53082**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández e dona Paloma Castro Rey, sobre **"a responsabilidade por incumprimento dos acordos do Parlamento de Galicia"**(publicada no BOPG número 489 do 3 de maio de 2023) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"Para a Xunta de Galicia o fortalecemento do tecido produtivo é un obxectivo fundamental que guía as políticas de promoción económica e industrial da Comunidade. Sobre esta base, o Goberno galego traballa para dar resposta ás necesidades das empresas, na procura de potenciar unha economía sólida e con futuro.

Neste escenario, a Xunta de Galicia busca dar apoio ás empresas sempre e cando se cumpran unha serie de condicións, entre elas, que sexan operativamente viables. El Correo Gallego non é, nin foi, unha excepción, e a Administración autonómica actuou co máximo rigor, respectando os informes xurídicos e económicos que xustifican a aprobación dun préstamo.

Así, no seu momento, a empresa elaborou un plan de negocio completo e unha proposta de reestruturación na que todos os acredores financeiros amosaron a súa implicación, atendendo a empresa a todos os seus compromisos, algo que se



acadou ata que a pandemia, situación non previsible, mudou o escenario e fixo que as previsións, sobre as que se baseaba o novo plan de negocio, non se puidesen acadar.

De feito, o propio administrador concursal, no seu informe, sinalaba que este plan de reestruturación encamiñado a manter a continuidade da empresa a curto e medio prazo partía "dunhas hipóteses razoables". "Con todo -engade-, e tendo en conta que as circunstancias futuras (COVID -19) non son feitos previsibles, a pesar do plan de reestruturación elaborado, non puideron facer fronte á baixada de lectores e a perda de contratos."

En canto ao acceso á documentación, o Goberno galego ten o máximo respecto polos procesos xudiciais, e actúa sempre coa máxima transparencia e en cumprimento da Lei. Neste sentido, no artigo 14.1.e) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, indícase que "o dereito de acceso poderá ser limitado cando acceder á información supoña un prexuízo para (...) a prevención, investigación e sanción dos ilícitos penais, administrativos ou disciplinarios".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 10:42:02
Nº Rexistro: 60173
Data envío: 21/09/2023 10:42:02.288

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 8:41:59

CSV: BOPGDSPG-7yeLymOok-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 3ª- **número 53563**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Gonzalo Caballero Míguez e dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre **"a posibilidade de instalar unha planta de baterías para vehículos eléctricos en Galicia"**, (publicada no BOPG número 494, do 16 de maio de 2023), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia destaca o feito de que a nosa Comunidade teña interese para diferentes promotores de proxectos industriais, que a ven como un lugar idóneo para acoller os seus investimentos grazas á estabilidade que ofrece, ás súas condicións, así como ao apoio por parte da Administración autonómica.

Así, a Xunta de Galicia ofrece todas as potencialidades coas que se contan en Galicia, especialmente en todo aquilo que compete á Administración autonómica, como é en materia de formación, innovación e de axilización administrativa co obxectivo de captar este investimento, tal e como se está a facer co resto de proxectos industriais que poden crear emprego nesta Comunidade.

Para iso, ofrécese un marco normativo adecuado, mantendo todas as garantías a través, de entre outras normas, da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; a Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia, ou o Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial.



Así mesmo, é importante tamén contar co resto de Administracións, posto que para este tipo de proxectos é vital a achega de fondos europeos e dispor dun prezo eléctrico competitivo e dunha correcta planificación eléctrica da rede de transporte. Estes tres elementos son imprescindibles para garantir a viabilidade técnica e a competitividade dos proxectos industriais estratéxicos e intensivos en enerxía que se queiran implantar en Galicia.

Non obstante, o Goberno central está incumprindo con Galicia e coas empresas dispostas a investir na nosa Comunidade ao non garantir que os seus proxectos dispoñan de fondos Next Generation, pero tamén porque non son capaces de aprobar un marco de subministración eléctrica competitiva, estable e predicible para a gran industria consumidora de enerxía, así como dispor dunha correcta planificación da rede de transporte.

No caso concreto dos fondos Next Generation para o Vehículo Eléctrico e Conectado (VEC) cómpre mencionar que a primeira convocatoria do PERTE VEC só logrou adxudicar uns 800 millóns de euros dos case 3.000 orzamentados (o 75% dos fondos quedaron por tanto sen repartir). Entre os proxectos que quedaron fóra naquela convocatoria estivo o da planta viguesa do Grupo Stellantis.

Non obstante, desde a Xunta de Galicia mantivéronse reunións co Grupo Stellantis co obxectivo de facilitar a instalación dunha "gigafactory" no sur da Comunidade, pero tamén con empresas destacadas chinesas e coreanas do sector das baterías eléctricas.

A segunda convocatoria do PERTE VEC permanecerá aberta ata o 15 de setembro e artículase en Sección A - Axudas a proxectos de produción de baterías do vehículo eléctrico, e Sección B - Plans de investimento na cadea de valor industrial do vehículo eléctrico e conectado.

A sección A está aberta ás empresas que produzan baterías, os seus compoñentes esenciais e materias primas relacionadas e conta cun orzamento de 837 millóns de euros, con 550 millóns en subvencións a fondo perdido e 287 millóns en préstamos. A sección B está dirixida a proxectos de impulso da cadea de valor do vehículo eléctrico, contando cun orzamento global de 560 millóns de euros, dos cales 344 millóns son en forma de subvencións e 215 millóns de euros en préstamos.



Agardamos que as modificacións das bases da segunda convocatoria do PERTE VEC logren evitar os erros do primeiro plan grazas a un sistema de concorrencia simple, a posibilidade de presentar proxectos individuais e unha extensión dos prazos de execución dos proxectos e investimentos que se presenten.

Nestes procesos de toma de decisións de calquera posible proxecto de implantación empresarial, estes grandes grupos teñen en conta todo tipo de aspectos entre os que se atopan a evolución da demanda, a localización próxima de posibles clientes finais, prezos estables dos subministración, o clima do mercado laboral, etc.

En definitiva, preocupa a falta dunha planificación acertada por parte do Goberno central na xestión de fondos europeos, que mostra unha postura unilateral na que non axiliza a súa tramitación e non apoia a proxectos transformadores clave para Galicia, en contraposición con outras comunidades autónomas ás que o Executivo central xa transferiu fondos para proxectos deste tipo.

Aínda así, a Xunta de Galicia continuará levando a cabo medidas de apoio aos proxectos industriais con posibilidades de implantación en Galicia, co fin de xerar emprego de calidade e de afianzar o sector industrial galego.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 13:40:01
Nº Rexistro: 60031
Data envío: 19/09/2023 13:40:01.182

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2023 11:39:57

CSV: BOPGDSPG-7yeLymOok-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 3ª- **número 53686**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Gonzalo Caballero Míguez e dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre **"a estratexia do Goberno galego en relación coa posibilidade de que a multinacional chinesa BYD poida instalar unha xigafactoría de coches eléctricos en Galicia"**, (publicada no BOPG número 496, do 24 de maio de 2023), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"Nos últimos anos, a Xunta de Galicia vén traballando activamente na procura de proxectos industriais chineses tanto no que fai referencia á atracción a Galicia dun fabricante de vehículos eléctricos (EV cars) como á posible implantación dunha xigafactoría de baterías.

De feito, no marco desta estratexia, nos anos 2017, 2018 e 2023 realizáronse tres viaxes a China moi enfocadas ao sector da automoción, nas que se mantiveron reunións con centros tecnolóxicos e con empresas moi destacadas do sector e dentro do Top 5 dos principais OEM do país.

Un dos contactos que sempre se traballou nestes anos foi o de BYD, unha das empresas líderes de automoción en China que empezou inicialmente dedicándose á fabricación de baterías para aparellos electrónicos, sendo tamén líder mundial na fabricación de baterías para teléfonos móbiles.

Na actualidade, Galicia está ben considerada entre os principais fabricantes chineses e estamos a optar, en competencia con outras localizacións e con outros países de Europa, a varios potenciais proxectos.



Pártese dun bo posicionamento para atraer un investimento dentro do sector de automoción xa que Galicia conta cun bo ecosistema para loitar por conseguir captar un proxecto empresarial destas características coma, por exemplo: a existencia dun OEM destacado en Galicia, un clúster da automoción de primeiro nivel, a existencia de máis de 120 provedores de compoñentes, un Centro Tecnolóxico de referencia no sector de automoción, a existencia dunha plataforma RoRo no Porto de Vigo de exportación/importación de vehículos e, por suposto, todo o apoio institucional por parte da Xunta de Galicia.

É moi importante para Galicia que unha empresa como a chinesa BYD (Build Yourd Dreams), principal fabricante mundial de vehículos de nova enerxía (VNE) e baterías eléctricas pense en instalarse aquí porque isto significa que se están facendo ben as cousas e que Galicia é un lugar que achega estabilidade e confianza para os investidores.

A Xunta de Galicia comprometeuse a poñer todas as potencialidades coas que se contan, especialmente en todo aquilo que compete á Administración autonómica, como é en materia de formación, innovación e de axilización administrativa, para captar este investimento, tal e como se está a facer co resto de proxectos industriais que poden crear emprego nesta comunidade. Para iso, Galicia ofrece un marco normativo adecuado, mantendo todas as garantías, a través de diversas normas, entre outras, a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; a Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia, ou o Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial.

Pero tamén é importante contar co resto de Administracións e cos axentes socioeconómicos para que a candidatura galega sexa cada vez máis atractiva. Ademais, convén destacar que o mercado español non é novo para BYD, posto que o pasado mes de setembro de 2022 o Grupo Castrosúa asinou un acordo coa multinacional chinesa BYD para fabricar buses eléctricos de 12 metros para o mercado español.

A alianza destas dúas empresas no ámbito da mobilidade permitirá situar a Galicia no camiño para que lidere a transición enerxética no transporte público.



Por outra banda, a Consellería de Economía, Industria e Innovación, a través do IGAPE, asinou o pasado mes de xullo de 2023 un novo acordo de colaboración coa Cámara de Comercio para a importación e exportación de maquinaria e produtos electrónicos de China que busca afianzar as relacións comerciais entre Galicia e o país asiático.

Este memorando, asinado no transcurso dunha viaxe a China que levaron a cabo representantes do IGAPE, reforza o interese recíproco tanto de Galicia como de China por dar novos pasos para consolidar as relacións bilaterais entre ambas as dúas economías. De feito, China foi en 2022 o primeiro destino en Asia das exportacións galegas, e un dos máis importantes fóra de Europa, experimentando un incremento do 6,7 % con respecto ao ano anterior ata acadar os 223 M€.

O acordo dá continuidade ao asinado no 2018, que fixo de Galicia a primeira Comunidade autónoma en contar cun memorando destas características cunha das cámaras de comercio máis importantes do país que agrupa máis de 10.000 empresas. E agora renova o compromiso de promover o aumento do comercio e o investimento entre a industria de maquinaria e electrónica dos dous países.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 60058
Data envío: 19/09/2023 15:40:50.028

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2023 13:40:47

CSV: BOPGDSPG-7yeLymOok-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 53715**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a integración entre a cidade de Vigo e o mar"**, (publicada no BOPG número 496, do 24 de maio de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 53717, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 531, do 26 de xullo de 2023, á que nos remitimos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 13:38:53
Nº Rexistro: 60027
Data envío: 19/09/2023 13:38:53.760

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2023 11:38:49

CSV: BOPGDSPG-7yeLymOok-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 53833**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a creación de liñas de investigación de novas variedades para enfrontar a seca derivada do cambio climático"**, (publicada no BOPG número 499, do 31 de maio de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Esta cuestión foi contestada polo conselleiro do Medio Rural, no pleno celebrado o pasado 30 de maio de 2023 respondendo á pregunta número 53770".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2023 12:30:31
Nº Rexistro: 60072
Data envío: 20/09/2023 12:30:31.736

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2023 10:30:26

CSV: BOPGDSPG-7yeLymOok-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 54532**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Rodríguez Dacosta e don Martín Seco García, sobre **"a causa do incremento de 130.344 hectáreas de frondosas en trece anos"**, (publicada no BOPG número 514, do 28 de xuño de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"O sector forestal é un eido clave no rural galego e no que Galicia é unha referencia no ámbito nacional e mesmo europeo.

Galicia conta cunha superficie forestal de preto de 1,5 millóns de hectáreas arboradas das que se aproveitan anualmente arredor de 10 millóns de metros cúbicos de madeira, o 50% da produción total en España.

Ademais, a cadea monte-industria galega supón o 1,8 % do PIB da comunidade e xera arredor do 12 % do emprego industrial, o que se traduce en 25.000 traballadores. No 2021, a facturación conxunta desta cadea de valor ascendeu a 2578 millóns de euros, un máximo histórico para Galicia desde o 2006.

O pasado mes de xuño presentamos os primeiros resultados do Inventario Forestal de Galicia, na que a Xunta inviste un orzamento superior aos 3 millóns de euros. Neste senso, parte dese financiamento correspóndese a un convenio coas universidades de Vigo e Santiago para o desenvolvemento do inventario e o resto para distintas ferramentas necesarias para a súa correcta elaboración.

A finalidade do inventario é coñecer de maneira precisa e actualizada non só a cantidade de madeira rexistrada nos montes senón tamén a súa calidade e dispoñibilidade para o mercado, algo esencial para a planificación e a toma de decisións. Entre as posibilidades



que ofrece está, entre outras, o cálculo preciso da superficie que ocupan as diferentes especies forestais na nosa comunidade e unha cualificación segundo a súa dispoñibilidade. Por exemplo, contéplanse variables como a pendente, a distancia a pistas ou a fragmentación dunha masa forestal.

Lembramos que o deseño e desenvolvemento do Inventario tamén está recollido no **Plan Forestal de Galicia 2021-2040** "Cara á neutralidade carbónica", dentro do eixe V (Estatística, formación e investigación forestal).

Tal e como recolle o Inventario Forestal Continuo, Galicia conta cunha superficie de preto de 1,5 millóns de hectáreas arboradas, das cales o 42,5 % da superficie correspóndese con frondosas (case 620.000 ha), seguidas por plantacións de coníferas (máis de 422.000 ha) e eucalipto (máis de 409.000 ha).

O Inventario forestal continuo constata que a superficie actual ocupada por eucalipto mantense en parámetros semellantes aos previstos no Plan Forestal de Galicia 2021-2040 que, con todo, prevese revisar no horizonte de 2025. Será entón cando, de acordo co sector, analícese os datos e tómense as medidas oportunas.

O control das especies presentes nos montes galegos faise a través do Inventario Forestal de Galicia, un instrumento de control e planificación básico. Permite o cálculo preciso da superficie que ocupan as diferentes especies forestais da nosa comunidade e unha cualificación segundo a súa dispoñibilidade.

Este inventario realízase a través dun convenio de colaboración asinado entre a Xunta e as universidades de Vigo e Santiago. Estes centros presentaron informes con mapas de dispoñibilidade do recurso baseándose en datos obtidos por imaxes satélite. Tivéronse en conta variables como a forma, a superficie, a pendente das parcelas e mesmo a distancia das pistas ás estradas, así como posibles condicionantes na xestión dos bosques.

Por outra banda, presentáronse tamén informes detallados con resultados obtidos no inventario piloto da rede base de parcelas forestais que se mediron ao longo do ano 2021





por brigadas forestais da Xunta. A calidade da toma de datos foi excelente e os resultados poñen de relevo a diversidade de especies e idades que existen en Galicia. O protocolo de recollida, así como os datos brutos que foron recompilados polas brigadas de campo, tamén están dispoñibles para o seu uso público.

A maiores, a Consellería do Medio Rural realizou, en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, un portal web para que os datos do Inventario Forestal Continuo de Galicia estean dispoñibles de xeito público. Trátase dun sitio web completo no que se pode acceder a un visor cartográfico para a súa consulta”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2023 13:33:06
Nº Rexistro: 60086
Data envío: 20/09/2023 13:33:06.924

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2023 11:33:03

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 54644**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas previstas pola Xunta de Galicia para cumprir os seus compromisos respecto da reforma da rúa Pazos Fontenla, no concello de Bueu"**, (publicada no BOPG número 514, do 28 de xuño de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"O Concello de Bueu quere promover a humanización dun tramo da PO-315 que discorre polo centro urbano e que leva aparellada a renovación de servizos que son de competencia e interese municipal. En consecuencia, correspóndelle ao Concello asumir a execución dos traballos e, se así o considera necesario ou axeitado, buscar a colaboración doutras administracións".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 09:33:52
Nº Rexistro: 59974
Data envío: 19/09/2023 09:33:52.760

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2023 7:33:48

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 45693**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os condicionamentos dos proxectos e obras do Goberno galego"**, (publicada no BOPG número 431, do 4 de xaneiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"O 21 de setembro de 2022 o director da Axencia Galega de Infraestruturas reuniuse co alcalde do Concello de Dodro, de acordo coa solicitude remitida desde a Administración local.

Por parte do Concello trasladouse unha documentación técnica que se remitiu, para a súa análise e consideración, ao persoal técnico da AXI".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 09:35:44
Nº Rexistro: 59983
Data envío: 19/09/2023 09:35:44.791

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2023 7:35:39

CSV: BOPGDSPG-7yeLymOok-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 45823**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o incumprimento por parte da Xunta de Galicia do acordo de remitir unha proposta de cambio de titularidade de estradas que inclúa a totalidade da estrada provincial EP-8001 (Carracedo-Caldas de Reis-Catoira), coa ponte incluída"**, (publicada no BOPG número 431, do 4 de xaneiro de 2023), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 45825, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no fascículo 1 do BOPG número 550, do 24 de agosto de 2023, á que nos remitimos."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 13:40:57
Nº Rexistro: 60035
Data envío: 19/09/2023 13:40:57.869

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2023 11:40:53

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 45849**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Pérez López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións que vai adoptar o Goberno galego para garantir a recuperación da plena actividade produtiva e o mantemento do emprego no caso de se facer efectiva a venda anunciada da central hidroeléctrica de Xeal"**, (publicada no BOPG número 431, do 4 de xaneiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"Os dereitos concesionais do salto de Santa Uxía e nos ríos Xallas e Grande están vinculados á non segregación da actividade e ao mantemento do emprego e da actividade industrial. A modificación solicitada pola empresa XEAL sobre a concesión hidroeléctrica de Santa Uxía xa outorgada non implica alteración dos condicionantes da concesión impostos desde os anos 90 en relación co cumprimento da cláusula de non segregación das actividades de produción de enerxía eléctrica e de ferroalixaxes. O titular das concesións implantadas nos ríos Xallas e Grande, xa sexa a actual mercantil XEAL ou outra, está obrigado, inescusablemente e durante toda a vida dos títulos habilitantes, ao mantemento do emprego e a actividade industrial das fábricas; unha actividade á que estaba vinculado xa na súa orixe o destino das concesións hidroeléctricas, como así se plasmou nos diversos títulos de outorgamento concesional o fin industrial cara o que se proxectaba a enerxía eléctrica producida nos ríos Xallas e Grande".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 09:35:25
Nº Rexistro: 59981
Data envío: 19/09/2023 09:35:25.728

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2023 7:35:16

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 45875**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Balseiro Orol e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración que fai o Goberno galego tras a entrada en vigor da Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga"**, (publicada no BOPG número 431, do 4 de xaneiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A valoración é positiva, xa que a Lei está a cumprir os obxectivos para os que foi concibida e que non son outros que regular, ampliar e estender a colaboración que presta a Xunta aos concellos nas súas competencias en materia de augas e facelo, ademais, en igualdade de condicións para todos.

Neste primeiro ano de vixencia da Lei, cinco municipios solicitaron a Augas de Galicia que se faga cargo de infraestruturas ou servizos da súa competencia relacionados co ciclo da auga. Concellos que se suman así aos titulares das 28 depuradoras que xa está a xestionar a Xunta".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 09:34:56
Nº Rexistro: 59979
Data envío: 19/09/2023 09:34:56.228

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2023 7:34:49

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 45883**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Balseiro Orol e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os obxectivos que pretende acadar a Xunta de Galicia co novo Plan de seca da demarcación Galicia-Costa"**, (publicada no BOPG número 431, do 4 de xaneiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola directora de Augas de Galicia en resposta á pregunta oral en Comisión número 56709, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 6 de setembro de 2023, á que nos remitimos.

Na súa intervención, a directora de Augas de Galicia salientou que a Xunta aposta por ferramentas como o Plan da seca da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, e coordinación das administracións e a implicación dos cidadáns para mellorar a xestión da auga. Tamén destacou que, aínda que a Xunta está a realizar un esforzo constante para ter unha mellor planificación que permita anticiparse, mellorar as instalacións de abastecemento e ter máis sistemas de control para coñecer en tempo real toda a información, os concellos deben dotarse dos Plans de emerxencia municipal ante situacións de seca, que permiten o establecemento de medidas específicas a nivel local, reducindo a vulnerabilidade.

A resposta completa da directora de Augas de Galicia pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NGVhMmRLZWQtNWM1OC00ZjFhLTJhYmItZTllMjRmMTNjNTcx&start=1716>



<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NGVhMmRLZWQtNWM1OC00ZjFhLThjYmItZTllMjRmMTNjNTcx&start=2482>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 09:34:35
Nº Rexistro: 59977
Data envío: 19/09/2023 09:34:35.478

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2023 7:34:32

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 46355**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o número de empresas que presentaron a auditoría e o plan de actuación previstos na disposición adicional sétima da Lei 9/2019, de garantía de abastecemento en episodios de seca"**, (publicada no BOPG número 435, do 11 de xaneiro de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A Lei 9/2019, de 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario establece entre os seus obxectivos o de garantir a prestación axeitada dos servizos de abastecemento de auga en alta e o subministro de auga en baixa, en todo o territorio de Galicia, cando exista un episodio de seca, tendo en conta os recursos hídricos dispoñibles, e, para elo, regula distintas normas e medidas.

Por elo, tal e como se recolle na exposición de motivos, nas disposicións adicionais régúlase a obrigatoriedade de que as administracións públicas responsables dos sistemas de abastecemento á poboación realicen auditorías e plans de actuacións sobre as perdas nas redes de abastecemento. Así, a disposición adicional segunda contén a obriga de que todas as administracións públicas responsables dos sistemas de abastecemento á poboación leven a cabo auditorías e aproben plans de actuacións para minimizar as perdas nos prazos indicados.

Sen embargo, hai ocasións nas que estas administracións públicas responsables xestionan os seus sistemas de abastecemento á poboación mediante empresas concesionarias, que poden ser titulares de concesións de auga. Por este motivo, dentro das disposicións adicionais, que entre outras cousas concretan medidas específicas sobre as redes de abastecemento, a sétima completa esta regulación para os casos nas que estas redes de abastecemento de auga en alta e o subministro de auga en baixa se xestionen por empresas privadas mediante contratos de concesión. Así, nestes casos, segundo esta disposición



adicional, son estas empresas as que deben realizar a auditoría e o plan de actuación, nos termos previstos na disposición adicional segunda. Ademais, segundo prevé a lei, as súas concesións poderán ser revisadas para adaptalas á dispoñibilidade de recursos hídricos.

No momento de responder a esta pregunta máis de 200 concellos tiñan enviado comunicacións en relación ao cumprimento destas obrigas da Lei”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 09:34:26
Nº Rexistro: 59976
Data envío: 19/09/2023 09:34:26.088

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2023 7:34:16

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 46366** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e don Luis Bará Torres, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto de acometer unha mellora da estrada LU-636 en canto a trazado, largo da vía e firme para facilitar as comunicacións entre as vilas e núcleos de poboación afectados"**(publicada no BOPG número 435 do 11 de xaneiro de 2023) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A estrada LU-636 ten unha lonxitude de 31,47 quilómetros, une as poboacións de Sarria e Becerreá e conta con dous treitos moi diferenciados. O primeiro, o que vai desde a localidade de Saa ata Becerreá, onde está situado o Alto de Vilaesteba, ten un trazado coas características propias dunha estrada de montaña. Neste tramo contabilízase a circulación de 574 vehículos diarios (ano 2022).

O tráfico, especialmente as mercadorías, que desde Sarria teñen orixe e destino a A-6 para ir á Meseta, a día de hoxe optan por ir ata Nabela para coller a A-6 dado que a LU-636 é impracticable para elas.

A Axencia Galega de Infraestruturas realizou un estudo previo para o acondicionamento da LU-636 e variante de Becerreá, no que se analiza o tipo de acondicionamento da estrada desde unha perspectiva da eficiencia na inversión, dada a orografía do tramo entre o P.Q. 16+000 e o 27+500, avaliando a ampliación



da plataforma, a rectificación de curvas e a disposición dalgún treito de terceiro carril.

O obxectivo da Xunta de Galicia era o acondicionamento desta estrada con financiamento dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, como así llo solicitou formalmente ao Goberno central, ao entender que actuacións como esta, claves para o impulso demográfico, poderían ter cabida nos fondos Next Generation. Pero as condicións unilaterais e discriminatorias impostas no reparto destes fondos europeos polo Goberno de España fixérono imposible.

Debido a isto, o acondicionamento desta estrada deberá ser asumido con fondos propios da Xunta de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 12:54:19
Nº Rexistro: 60229
Data envío: 21/09/2023 12:54:19.351

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 10:54:16

CSV: BOPGDSPG-7yeLymOok-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 46368** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as graves afectacións do trazado da autovía AG-59 desde A Ramallosa (concello de Teo) até O Rollo (concello da Estrada)"**(publicada no BOPG número 435 do 11 de xaneiro de 2023) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego vén de aprobar o proxecto de construción de 3,5 quilómetros da autovía Santiago-A Estrada, entre A Ramallosa e o enlace coa estrada AC-241, en Pontevea, no municipio de Teo, e de licitar e adxudicar a execución das obras.

Este tramo dá continuidade ao treito da autovía libre de peaxe que xa se atopa en servizo e que supón un investimento da Xunta de máis de 33 millóns de euros.

O proxecto de trazado conta coa declaración de impacto ambiental favorable por parte do organismo competente.

Froito deste proceso, a Xunta, unha vez analizadas as achegas presentadas, incorporou ao proxecto construtivo un novo camiño de servizo entre os puntos quilométricos 106+300 ao 106+700, para dar continuidade e posibilitar a comunicación entre ambas as marxes da autovía. Ademais, executarase un novo camiño de servizo paralelo ao tronco da autovía proxectada entre os puntos quilométricos 107+120 ata o 107+320 coa finalidade de mellorar os accesos e



comunicacións entre ambas as marxes da nova infraestrutura, das leiras e explotacións gandeiras existentes nesta entorna.

Tamén se realizará un cambio de trazado e a reposición do oleoduto Coruña-Vigo, que atravesa a traza da AG-59, e modificarase a sección dos pasos inferiores dos eixos 11 e 19 (puntos quilométricos 106+320 e 107+119) e do paso superior do eixo 17 (punto quilómetro 104+789) co obxectivo de dar continuidade ao Camiño da Geira e dos Arrieriros interceptados pola actuación.

A prolongación da AG-59 é un obxectivo estratéxico da Administración autonómica para mellorar a seguridade viaria e a vertebración territorial polo que está a traballar tamén no proxecto de construción das obras da segunda fase, que suporán outros 4 quilómetros entre Pontevea e O Rollo, xa no municipio da Estrada”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 12:54:01
Nº Rexistro: 60227
Data envío: 21/09/2023 12:54:01.694

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 10:53:58

CSV: BOPGDSPG-7yeLymOok-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 46672**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia a iniciativa de don Adrián Pardo López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración que fai a Xunta de Galicia do anuncio de ampliación da ponte da Pasaxe"**(publicada no BOPG número 438 do 19 de xaneiro de 2023) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"O 21 de agosto de 2023 o Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana (Mitma) anunciou a aprobación do proxecto da primeira fase de ampliación e humanización da Ponte Pasaxe, na estrada AC-12, sobre a ría do Burgo.

O Mitma debe agora continuar coa redacción do proxecto de construción onde se defina a actuación co grao de detalle preciso para facer factible a súa construción e explotación. Unha vez aprobado este proxecto de construción, deberá licitar as obras.

É positivo que avance a tramitación, pero pode ser preocupante a división en dúas fases, xa que para a segunda quedan dúas intervencións críticas para a mellora do tráfico, como son o ramal directo da AC-12 cara á Ponte Pasaxe, así como o paso inferior da glorieta de Santa Cristina (Oleiros)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 12:53:54
Nº Rexistro: 60226
Data envío: 21/09/2023 12:53:54.069

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 10:53:50

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 48199**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Manuel Lourenzo Sobral e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas previstas polo Goberno galego para construír unha nova Estación depuradora de augas residuais en Arcade no concello de Soutomaior"** (publicada no BOPG número 446 do 1 de febreiro de 2023) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 48201, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no fascículo 3 do BOPG número 465, do 8 de marzo de 2023, á que nos remitimos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 10:43:19
Nº Rexistro: 60182
Data envío: 21/09/2023 10:43:19.679

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 8:43:16

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 49385** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Manuel Lourenzo Sobral e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os problemas de mobilidade e seguridade viaria no concello de Soutomaior"**(publicada no BOPG número 454 do 15 de febreiro de 2023) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia é a competente para a explotación das estradas de titularidade autonómica, cuxo fin é o de garantir unha axeitada mobilidade interurbana, xunto coa rede de estradas do Estado e complementada coas redes de titularidade das Deputacións provinciais.

Sen embargo, en treitos urbanos, concorren as competencias de concellos e da administración autonómica, xa que as estradas foron utilizadas como soporte para o crecemento urbano, con solo de titularidade municipal por cesións urbanísticas e por este espazo discorren servizos de titularidade municipal. Polo tanto, a actuación nun treito urbano é unha iniciativa que debe estudarse en cada caso concreto, a iniciativa do Concello, en función das circunstancias de cada treito, e ser avaliadas pola Administración autonómica de acordo coas prioridades globais da rede autonómica de estradas, dende o punto de vista técnico.



Precisamente, nesta liña o Concello de Soutomaior transmitiu os problemas da pasarela da marxe dereita da estrada PO-244 no tramo comprendido entre os P.Q. 12+300 e 12+480, nas proximidades dun centro educativo.

A Xunta de Galicia, sensible a esta cuestión, redactou, supervisou e aprobou un proxecto de substitución da pasarela. A obra foi licitada o 29 de marzo de 2023, cun orzamento de preto de 500.000 euros, e os traballos de execución comezaron o pasado mes de agosto.

A nova pasarela realizarase en plástico reciclado, posto que este material ofrece unha alta resistencia á humidade e á intemperie, non se acha nin sofre degradación, require dun mantemento mínimo e é de fácil instalación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 12:53:36
Nº Rexistro: 60224
Data envío: 21/09/2023 12:53:36.647

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 10:53:33

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 49584** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a reactivación das obras da vía Ártabra"**(publicada no BOPG número 458 do 22 de febreiro de 2023) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia está a rematar as obras do enlace da Vía Ártabra coa N-VI. A partir de aí, rescindirá o contrato coa UTE adxudicataria e volverá a reiniciar o procedemento para tramitar o proxecto de trazado coa AP-9.

Hai que salientar que as sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e do Tribunal Supremo, que obrigan a repetir a tramitación, cuestionan o procedemento seguido en 2009 para a aprobación do proxecto polo Goberno bipartito, pero non o trazado da estrada".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 12:53:19
Nº Rexistro: 60222
Data envío: 21/09/2023 12:53:19.382

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 10:53:16

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 50122** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas previstas polo Goberno galego para mellorar a formación e o funcionamento das comunidades de augas veciñais"** (publicada no BOPG número 458 do 22 de febreiro de 2023) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"Puntualizar, en primeiro lugar, que o abastecemento, saneamento e a depuración son competencias municipais, así o establece a normativa básica en materia de réxime local. Salientar tamén que a Xunta de Galicia apoia e colabora cos concellos para acadar entre todos o desenvolvemento máis eficaz desas competencias. Neste marco colaborativo, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade lanzou en abril de 2021 a convocatoria para que todos os municipios de Galicia puidesen manifestar o seu interese en desenvolver no seu territorio un plan municipal de abastecemento autónomo. Eses plans son un instrumento para coñecer e mellorar os sistemas de autoabastecemento en Galicia, que son infraestruturas clave para garantir a subministración de auga nunha gran parte de núcleos de poboación de Galicia, especialmente en zonas rurais.

Entre as petición recibidas, Augas de Galicia analizou as propostas e seleccionou os municipios máis adecuados e comprometidos para o desenvolvemento dos plans, que foron os concellos de Baleira, Cerdedo-Cotobade, Mondariz, Oia, Oímbra e San Xoán de Río.



No primeiro semestre de 2023 responsables de Augas de Galicia, xunto cos representantes dos concellos que colaboraron nesta experiencia piloto, presentaron os resultados ás comunidades veciñais que participaron no estudo.

Ademais, desde 2020, a Xunta promoveu varias liñas de subvencións destinadas a mellorar e modernizar os principais elementos destas traídas veciñais e para a adquisición e instalación de dispositivos de medición do caudal.

No marco das catro últimas convocatorias, concedéronse 214 subvencións por importe total de máis de dous millóns de euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 12:53:00
Nº Rexistro: 60220
Data envío: 21/09/2023 12:53:00.038

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 10:52:57

CSV: BOPGDSPG-7yeLymOok-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 50186**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego para desenvolver un plan de información, formación e asesoramento técnico para garantir a sustentabilidade dos sistemas veciñais de abastecemento de auga"**(publicada no BOPG número 461 do 1 de marzo de 2023) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"Puntualizar, en primeiro lugar, que o abastecemento, saneamento e a depuración son competencias municipais, así o establece a normativa básica en materia de réxime local. Salientar tamén que a Xunta de Galicia apoia e colabora cos concellos para acadar entre todos o desenvolvemento máis eficaz desas competencias. Neste marco colaborativo, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade lanzou en abril de 2021 a convocatoria para que todos os municipios de Galicia puidesen manifestar o seu interese en desenvolver no seu territorio un plan municipal de abastecemento autónomo. Eses plans son un instrumento para coñecer e mellorar os sistemas de autoabastecemento en Galicia, que son infraestruturas clave para garantir a subministración de auga nunha gran parte de núcleos de poboación de Galicia, especialmente en zonas rurais.

Entre as petición recibidas, Augas de Galicia analizou as propostas e seleccionou os municipios máis adecuados e comprometidos para o desenvolvemento dos plans, que foron os concellos de Baleira, Cerdedo-Cotobade, Mondariz, Oia, Oímbra e San Xoán de Río.



No primeiro semestre de 2023 responsables de Augas de Galicia, xunto cos representantes dos concellos que colaboraron nesta experiencia piloto, presentaron os resultados ás comunidades veciñais que participaron no estudo.

Ademais, desde 2020, a Xunta promoveu varias liñas de subvencións destinadas a mellorar e modernizar os principais elementos destas traídas veciñais e para a adquisición e instalación de dispositivos de medición do caudal.

No marco das catro últimas convocatorias, concedéronse 214 subvencións por importe total de máis de dous millóns de euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 12:52:51
Nº Rexistro: 60219
Data envío: 21/09/2023 12:52:51.085

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 10:52:48

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 50447**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a xestión do monte da Serra da Capelada no Concello de Cedeira"**, (publicada no BOPG número 461, do 1 de marzo de 2023), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Esta cuestión foi contestada polo director xeral de Planificación e Ordenación Forestal, da Consellería do Medio Rural, na Comisión 7ª o pasado 24 de marzo do 2023 respondendo á pregunta nº 50446."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2023 13:34:45
Nº Rexistro: 60095
Data envío: 20/09/2023 13:34:45.752

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2023 11:34:42

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 50908**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e don Martín Seco García, sobre **"as previsións que ten a Xunta de Galicia con respecto á presentación ante o Consello Forestal de Galicia do borrador do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia"**, (publicada no BOPG número 467, do 15 de marzo de 2023), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Esta cuestión foi contestada polo director xeral de Defensa do Monte, da Consellería do Medio Rural, na Comisión 7ª o pasado 24 de marzo de 2023 respondendo á pregunta nº 50909."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2023 13:34:36
Nº Rexistro: 60094
Data envío: 20/09/2023 13:34:36.518

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2023 11:34:33

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 52335**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Elena Candia López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os instrumentos recollidos na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia para o aproveitamento da terra e os recursos do territorio"**, (publicada no BOPG número 480, do 12 de abril de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Esta cuestión foi contestada pola directora da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, da Consellería do Medio Rural, na Comisión 7ª o pasado 21 de abril de 2023 respondendo á pregunta número 52334".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 12:52:42
Nº Rexistro: 60218
Data envío: 21/09/2023 12:52:42.226

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 10:52:38

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 52372**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións para os proxectos de medianas explotacións agrícolas ou gandeiras de carácter familiar no polígono industrial de iniciativa pública situado en Teixeira, no concello de Curtis"**, (publicada no BOPG número 480, do 12 de abril de 2023), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Esta cuestión foi contestada pola directora da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, da Consellería do Medio Rural, na Comisión 7ª o pasado 8 de setembro de 2023 respondendo á pregunta nº 55578."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2023 13:34:03
Nº Rexistro: 60091
Data envío: 20/09/2023 13:34:03.205

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2023 11:33:58

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 52485**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Eduardo Ojea Arias e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **"a valoración do Goberno galego da posta en marcha do Programa de rehabilitación enerxética de edificios 5000 nos concellos de menos de 5000 habitantes no ano 2022"**(publicada no BOPG número 480 do 12 de abril de 2023) Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"A convocatoria desta axuda publicouse no Diario Oficial de Galicia do 4 de novembro de 2021, con anualidades para 2022 e 2023. O financiamento das axudas realízase exclusivamente con fondos da Unión Europea, sen achega de fondos propios do Goberno central.

A convocatoria contaba cun orzamento de 3.658.196 euros, concedéndose axudas por importe de 3.546.097,43 euros, cun grado de execución do 96,94%".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 10:42:51
Nº Rexistro: 60179
Data envío: 21/09/2023 10:42:51.804

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 8:42:49

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 52897**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Daniel Pérez López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración do Goberno galego dos datos de demografía empresarial publicados polo Instituto Galego de Estatística"**(publicada no BOPG número 486 do 26 de abril de 2023) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia traballa nun modelo industrial e empresarial acorde ao actual contexto social e económico. Unha pauta de actuación marcada, hoxe en día, pola situación de inestabilidade derivada da invasión rusa a Ucraína, que agravou un escenario xa complicado.

Pese a todo, as cifras macroeconómicas amosan unha Galicia que segue a dar pasos sólidos, recuperando o nivel do PIB previo á pandemia, logo dos incrementos rexistrados nos últimos trimestres do ano, tanto en prezos correntes (68.817,3 millóns de euros no ano 2022 fronte aos 63.757,8 millóns de euros no ano 2019), coma en termos de índices de volume encadeados (no cuarto trimestre de 2022 acádase o mesmo valor do último trimestre de 2019, o máximo da serie histórica ata o momento).

Así mesmo, cómpre destacar tamén que prevese que o PIB per cápita vaia seguir crecendo por riba da media estatal, como ocorre desde 2008 (España +5,7% e



Galicia +11,13%); que as exportacións galegas marcasen neste último ano un récord histórico rozando os 30.000 millóns de euros, un 18,3% máis que no 2021, o que permite a Galicia contar cunha balanza comercial de 2.802 millóns, mentres que no conxunto do Estado o saldo continúa a ser deficitario; e que a cifra do desemprego descenda, por primeira vez na Comunidade nos últimos 27 anos, por debaixo das 130.000 persoas, a cifra máis baixa de toda a serie histórica, desde o ano 1996.

Estes datos falan do bo traballo que, pese ás dificultades, vén realizando o tecido produtivo galego, acompañado en todo momento pola Xunta de Galicia a través de distintos programas, liñas e actuacións que permiten tanto o inicio como a consolidación da súa actividade e o reforzo da súa competitividade, na procura de manter unha industria e unha economía sólida e con futuro”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 10:42:10
Nº Rexistro: 60174
Data envío: 21/09/2023 10:42:10.757

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 8:42:07

CSV: BOPGDSPG-7yeLymOok-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 52921**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e don Luis Bará Torres, sobre **"o colapso da ponte de Santa Marta en Ponte Arnelas, Vilanova de Arousa"**, (publicada no BOPG número 486, do 26 de abril de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director da Axencia Galega de Infraestruturas en resposta á pregunta oral en Comisión número 52919, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 13 de xullo de 2023, á que nos remitimos. Na súa intervención, o director da Axencia Galega de Infraestruturas explicou que a Xunta continúa a traballar para poder rematar este ano a reconstrución da ponte de Ponte Arnelas. A resposta completa do director da Axencia Galega de Infraestruturas pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZjhlODkwNTctZjAwYy00OTk0LWI2N2UtMTM3NTVlMjhlZjU5&start=8483>

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZjhlODkwNTctZjAwYy00OTk0LWI2N2UtMTM3NTVlMjhlZjU5&start=9493>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 13:40:28
Nº Rexistro: 60033
Data envío: 19/09/2023 13:40:28.932

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2023 11:40:25

CSV: BOPGDSPG-7yeLymOok-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 53053**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a continuidade das explotacións agropecuarias e pequenas empresas de transformación de produtos do sector primario"**, (publicada no BOPG número 489, do 3 de maio de 2023), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Esta cuestión foi contestada polo director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, da Consellería do Medio Rural, na Comisión 7ª o pasado 16 de xuño de 2023 respondendo á pregunta nº 53050."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2023 13:33:41
Nº Rexistro: 60089
Data envío: 20/09/2023 13:33:41.861

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2023 11:33:38

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 53084**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández e dona Paloma Castro Rey, sobre "**a responsabilidade por incumprimento dos acordos do Parlamento de Galicia**" (publicada no BOPG número 489 do 3 de maio de 2023) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"Para a Xunta de Galicia o fortalecemento do tecido produtivo é un obxectivo fundamental que guía as políticas de promoción económica e industrial da Comunidade. Sobre esta base, o Goberno galego traballa para dar resposta ás necesidades das empresas, na procura de potenciar unha economía sólida e con futuro.

Neste escenario, a Xunta de Galicia busca dar apoio ás empresas sempre e cando se cumpran unha serie de condicións, entre elas, que sexan operativamente viables. El Correo Gallego non é, nin foi, unha excepción, e a Administración autonómica actuou co máximo rigor, respectando os informes xurídicos e económicos que xustifican a aprobación dun préstamo.

Así, no seu momento, a empresa elaborou un plan de negocio completo e unha proposta de reestruturación na que todos os acredores financeiros amosaron a súa implicación, atendendo a empresa a todos os seus compromisos, algo que se



acadou ata que a pandemia, situación non previsible, mudou o escenario e fixo que as previsións, sobre as que se baseaba o novo plan de negocio, non se puidesen acadar.

De feito, o propio administrador concursal, no seu informe, sinalaba que este plan de reestruturación encamiñado a manter a continuidade da empresa a curto e medio prazo partía "dunhas hipóteses razoables". "Con todo -engade-, e tendo en conta que as circunstancias futuras (COVID -19) non son feitos previsibles, a pesar do plan de reestruturación elaborado, non puideron facer fronte á baixada de lectores e a perda de contratos."

En canto ao acceso á documentación, o Goberno galego ten o máximo respecto polos procesos xudiciais, e actúa sempre coa máxima transparencia e en cumprimento da Lei. Neste sentido, no artigo 14.1.e) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, indícase que "o dereito de acceso poderá ser limitado cando acceder á información supoña un prexuízo para (...) a prevención, investigación e sanción dos ilícitos penais, administrativos ou disciplinarios".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 10:41:52
Nº Rexistro: 60172
Data envío: 21/09/2023 10:41:52.460

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 8:41:49

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 53196**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Carlos Gómez Salgado e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións impulsadas pola Xunta de Galicia respecto da modernización dos regadíos da Limia"**, (publicada no BOPG número 489, do 3 de maio de 2023), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Esta cuestión foi contestada pola directora da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, da Consellería do Medio Rural, na Comisión 7ª o pasado 2 de xuño de 2023 respondendo á pregunta nº 53195."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2023 13:39:34
Nº Rexistro: 60099
Data envío: 20/09/2023 13:39:34.002

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2023 11:39:29

CSV: BOPGDSPG-7yeLymOok-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 53234**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o cronograma temporal de actuación e o orzamento dedicado no expediente do polígono agroforestal de Barzamedelle do concello de Leiro”**, (publicada no BOPG número 489, do 3 de maio de 2023), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Esta cuestión foi contestada pola directora da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, da Consellería do Medio Rural, na Comisión 7ª o pasado 2 de xuño de 2023 respondendo á pregunta nº 53235.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2023 13:33:30
Nº Rexistro: 60088
Data envío: 20/09/2023 13:33:30.752

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2023 11:33:25

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 53535**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Martín Seco García e dona María Carmen Rodríguez Dacosta, sobre **"as axudas para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios"**, (publicada no BOPG número 494, do 16 de maio de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Esta cuestión foi contestada polo director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, da Consellería do Medio Rural, na Comisión 7ª o pasado 2 de xuño de 2023 respondendo á pregunta número 53533".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2023 12:30:47
Nº Rexistro: 60073
Data envío: 20/09/2023 12:30:47.080

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2023 10:30:38

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 53564**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Gonzalo Caballero Míguez e dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre **"a posibilidade de instalar unha planta de baterías para vehículos eléctricos en Galicia"**, (publicada no BOPG número 494, do 16 de maio de 2023), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia destaca o feito de que a nosa Comunidade teña interese para diferentes promotores de proxectos industriais, que a ven como un lugar idóneo para acoller os seus investimentos grazas á estabilidade que ofrece, ás súas condicións, así como ao apoio por parte da Administración autonómica.

Así, a Xunta de Galicia ofrece todas as potencialidades coas que se contan en Galicia, especialmente en todo aquilo que compete á Administración autonómica, como é en materia de formación, innovación e de axilización administrativa co obxectivo de captar este investimento, tal e como se está a facer co resto de proxectos industriais que poden crear emprego nesta Comunidade.

Para iso, ofrécese un marco normativo adecuado, mantendo todas as garantías a través, de entre outras normas, da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; a Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia, ou o Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial.



Así mesmo, é importante tamén contar co resto de Administracións, posto que para este tipo de proxectos é vital a achega de fondos europeos e dispor dun prezo eléctrico competitivo e dunha correcta planificación eléctrica da rede de transporte. Estes tres elementos son imprescindibles para garantir a viabilidade técnica e a competitividade dos proxectos industriais estratéxicos e intensivos en enerxía que se queiran implantar en Galicia.

Non obstante, o Goberno central está incumprindo con Galicia e coas empresas dispostas a investir na nosa Comunidade ao non garantir que os seus proxectos dispoñan de fondos Next Generation, pero tamén porque non son capaces de aprobar un marco de subministración eléctrica competitiva, estable e predicible para a gran industria consumidora de enerxía, así como dispor dunha correcta planificación da rede de transporte.

No caso concreto dos fondos Next Generation para o Vehículo Eléctrico e Conectado (VEC) cómpre mencionar que a primeira convocatoria do PERTE VEC só logrou adxudicar uns 800 millóns de euros dos case 3.000 orzamentados (o 75% dos fondos quedaron por tanto sen repartir). Entre os proxectos que quedaron fóra naquela convocatoria estivo o da planta viguesa do Grupo Stellantis.

Non obstante, desde a Xunta de Galicia mantivéronse reunións co Grupo Stellantis co obxectivo de facilitar a instalación dunha "gigafactory" no sur da Comunidade, pero tamén con empresas destacadas chinesas e coreanas do sector das baterías eléctricas.

A segunda convocatoria do PERTE VEC permanecerá aberta ata o 15 de setembro e artículase en Sección A - Axudas a proxectos de produción de baterías do vehículo eléctrico, e Sección B - Plans de investimento na cadea de valor industrial do vehículo eléctrico e conectado.

A sección A está aberta ás empresas que produzan baterías, os seus compoñentes esenciais e materias primas relacionadas e conta cun orzamento de 837 millóns de euros, con 550 millóns en subvencións a fondo perdido e 287 millóns en préstamos. A sección B está dirixida a proxectos de impulso da cadea de valor do vehículo eléctrico, contando cun orzamento global de 560 millóns de euros, dos cales 344 millóns son en forma de subvencións e 215 millóns de euros en préstamos.



Agardamos que as modificacións das bases da segunda convocatoria do PERTE VEC logren evitar os erros do primeiro plan grazas a un sistema de concorrencia simple, a posibilidade de presentar proxectos individuais e unha extensión dos prazos de execución dos proxectos e investimentos que se presenten.

Nestes procesos de toma de decisións de calquera posible proxecto de implantación empresarial, estes grandes grupos teñen en conta todo tipo de aspectos entre os que se atopan a evolución da demanda, a localización próxima de posibles clientes finais, prezos estables dos subministración, o clima do mercado laboral, etc.

En definitiva, preocupa a falta dunha planificación acertada por parte do Goberno central na xestión de fondos europeos, que mostra unha postura unilateral na que non axiliza a súa tramitación e non apoia a proxectos transformadores clave para Galicia, en contraposición con outras comunidades autónomas ás que o Executivo central xa transferiu fondos para proxectos deste tipo.

Aínda así, a Xunta de Galicia continuará levando a cabo medidas de apoio aos proxectos industriais con posibilidades de implantación en Galicia, co fin de xerar emprego de calidade e de afianzar o sector industrial galego.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 13:39:46
Nº Rexistro: 60030
Data envío: 19/09/2023 13:39:46.853

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2023 11:39:42

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 53685**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Gonzalo Caballero Míguez e dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre **"a estratexia do Goberno galego en relación coa posibilidade de que a multinacional chinesa BYD poida instalar unha xigafactoría de coches eléctricos en Galicia"**, (publicada no BOPG número 496, do 24 de maio de 2023), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Industria e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"Nos últimos anos, a Xunta de Galicia vén traballando activamente na procura de proxectos industriais chineses tanto no que fai referencia á atracción a Galicia dun fabricante de vehículos eléctricos (EV cars) como á posible implantación dunha xigafactoría de baterías.

De feito, no marco desta estratexia, nos anos 2017, 2018 e 2023 realizáronse tres viaxes a China moi enfocadas ao sector da automoción, nas que se mantiveron reunións con centros tecnolóxicos e con empresas moi destacadas do sector e dentro do Top 5 dos principais OEM do país.

Un dos contactos que sempre se traballou nestes anos foi o de BYD, unha das empresas líderes de automoción en China que empezou inicialmente dedicándose á fabricación de baterías para aparellos electrónicos, sendo tamén líder mundial na fabricación de baterías para teléfonos móbiles.

Na actualidade, Galicia está ben considerada entre os principais fabricantes chineses e estamos a optar, en competencia con outras localizacións e con outros países de Europa, a varios potenciais proxectos.



Pártese dun bo posicionamento para atraer un investimento dentro do sector de automoción xa que Galicia conta cun bo ecosistema para loitar por conseguir captar un proxecto empresarial destas características coma, por exemplo: a existencia dun OEM destacado en Galicia, un clúster da automoción de primeiro nivel, a existencia de máis de 120 provedores de compoñentes, un Centro Tecnolóxico de referencia no sector de automoción, a existencia dunha plataforma RoRo no Porto de Vigo de exportación/importación de vehículos e, por suposto, todo o apoio institucional por parte da Xunta de Galicia.

É moi importante para Galicia que unha empresa como a chinesa BYD (Build Yourd Dreams), principal fabricante mundial de vehículos de nova enerxía (VNE) e baterías eléctricas pense en instalarse aquí porque isto significa que se están facendo ben as cousas e que Galicia é un lugar que achega estabilidade e confianza para os investidores.

A Xunta de Galicia comprometeuse a poñer todas as potencialidades coas que se contan, especialmente en todo aquilo que compete á Administración autonómica, como é en materia de formación, innovación e de axilización administrativa, para captar este investimento, tal e como se está a facer co resto de proxectos industriais que poden crear emprego nesta comunidade. Para iso, Galicia ofrece un marco normativo adecuado, mantendo todas as garantías, a través de diversas normas, entre outras, a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; a Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia, ou o Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial.

Pero tamén é importante contar co resto de Administracións e cos axentes socioeconómicos para que a candidatura galega sexa cada vez máis atractiva. Ademais, convén destacar que o mercado español non é novo para BYD, posto que o pasado mes de setembro de 2022 o Grupo Castrosúa asinou un acordo coa multinacional chinesa BYD para fabricar buses eléctricos de 12 metros para o mercado español.

A alianza destas dúas empresas no ámbito da mobilidade permitirá situar a Galicia no camiño para que lidere a transición enerxética no transporte público.



Por outra banda, a Consellería de Economía, Industria e Innovación, a través do IGAPE, asinou o pasado mes de xullo de 2023 un novo acordo de colaboración coa Cámara de Comercio para a importación e exportación de maquinaria e produtos electrónicos de China que busca afianzar as relacións comerciais entre Galicia e o país asiático.

Este memorando, asinado no transcurso dunha viaxe a China que levaron a cabo representantes do IGAPE, reforza o interese recíproco tanto de Galicia como de China por dar novos pasos para consolidar as relacións bilaterais entre ambas as dúas economías. De feito, China foi en 2022 o primeiro destino en Asia das exportacións galegas, e un dos máis importantes fóra de Europa, experimentando un incremento do 6,7 % con respecto ao ano anterior ata acadar os 223 M€.

O acordo dá continuidade ao asinado no 2018, que fixo de Galicia a primeira Comunidade autónoma en contar cun memorando destas características cunha das cámaras de comercio máis importantes do país que agrupa máis de 10.000 empresas. E agora renova o compromiso de promover o aumento do comercio e o investimento entre a industria de maquinaria e electrónica dos dous países.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 13:39:13
Nº Rexistro: 60028
Data envío: 19/09/2023 13:39:13.932

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2023 11:39:08

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 53716**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a integración entre a cidade de Vigo e o mar"**, (publicada no BOPG número 496, do 24 de maio de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 53717, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 531, do 26 de xullo de 2023, á que nos remitimos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 13:38:35
Nº Rexistro: 60026
Data envío: 19/09/2023 13:38:35.228

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2023 11:38:30

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 53274**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Jose Manuel Balseiro Orol e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración do Goberno galego respecto da proposta de revisión da Rede Transeuropea de Transporte aprobada recentemente polo Parlamento europeo"**, (publicada no BOPG número 489, do 3 de maio de 2023), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Mobilidade en resposta á pregunta oral en Pleno número 57587, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día do Pleno celebrado o 13 de setembro de 2023, á que nos remitimos.

Na súa intervención, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade insistiu en reclamar un Plan Director do Corredor Atlántico con prazos, investimentos e todas as infraestruturas identificadas como prioritarias polas comunidades do noroeste. Tamén cualificou como unha decepción absoluta os oito meses de traxectoria do Comisionado do Corredor Atlántico, que continúa desde xaneiro sen recibir nin escoitar ao Goberno galego, así como sen informar sobre as previsións e avances para a modernización ferroviaria do noroeste.

A resposta completa da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade pode verse nos seguintes enlaces:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=MDBLODc3ZjltYTAzOS00OThjLWJkYjgtZWJkYTM3MDRmMjJj&start=13382](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MDBLODc3ZjltYTAzOS00OThjLWJkYjgtZWJkYTM3MDRmMjJj&start=13382)



[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MDBLODc3ZjltYTAzOS00OThjLWJkYjgtZWJkYTM3MDRmMjJj&start=13705.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MDBLODc3ZjltYTAzOS00OThjLWJkYjgtZWJkYTM3MDRmMjJj&start=13705)"

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 13:40:14
Nº Rexistro: 60032
Data envío: 19/09/2023 13:40:14.744

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2023 11:40:11

CSV: BOPGDSPG-7yeLymOok-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 53836**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a creación de liñas de investigación de novas variedades para enfrontar a seca derivada do cambio climático"**, (publicada no BOPG número 499, do 31 de maio de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Esta cuestión foi contestada polo conselleiro do Medio Rural, no pleno celebrado o pasado 30 de maio de 2023 respondendo á pregunta número 53770".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 60056
Data envío: 19/09/2023 15:40:36.137

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2023 13:40:32

CSV: BOPGDSPG-7yeLymOok-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 53926**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Rodríguez Dacosta e don Martín Seco García, sobre **"o Proxecto da Castaña"**, (publicada no BOPG número 502, do 7 de xuño de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Esta cuestión foi contestada polo director xeral de Planificación e Ordenación forestal da Consellería do Medio Rural, na Comisión 7ª o pasado 16 de xuño de 2023 respondendo á pregunta número 53927".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2023 12:30:21
Nº Rexistro: 60071
Data envío: 20/09/2023 12:30:21.424

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2023 10:30:17

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 53908**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Elena Candia López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a Resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural do 9 de maio en relación co Programa Leader para o período 2023-2027, e o Bono Activa Rural"**, (publicada no BOPG número 502, do 7 de xuño de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Esta cuestión foi contestada pola directora da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, na Comisión 7ª o pasado 16 de xuño do 2023 respondendo á pregunta número 53907".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 60055
Data envío: 19/09/2023 15:40:28.902

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2023 13:40:25

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 54259**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Elena Candia López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os obxectivos e primeiros resultados do Inventario forestal continuo de Galicia"**, (publicada no BOPG número 506, do 14 de xuño de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Esta cuestión foi contestada polo director xeral de Planificación e Ordenación Forestal, da Consellería do Medio Rural, na Comisión 7ª o pasado 6 de xullo do 2023 respondendo á pregunta número 54260".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 60054
Data envío: 19/09/2023 15:40:21.557

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2023 13:40:17

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 54297**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a puntuación obtida polo concello de Baiona ao seu proxecto dentro do Plan de sustentabilidade turística en Destino"**(publicada no BOPG número 510 do 21 de xuño de 2023) Convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia Turismo de Galicia** que ten o seguinte contido:

"Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a estas preguntas xa foron tratados polo Goberno no seo da Comisión 6ª - Industria Enerxía Comercio e Turismo do Parlamento de Galicia na sesión celebrada o 14 de xullo de 2023 no debate da iniciativa con número de rexistro 54298, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=Nzk4MDg5ZTk0NWQ1OS00YjRmLTkyZDYtNzBkZTU1MzAxNGQz&start=646](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=Nzk4MDg5ZTk0NWQ1OS00YjRmLTkyZDYtNzBkZTU1MzAxNGQz&start=646)

Na devandita sesión, o Goberno informou, entre outras cuestións, do traballo que se vén realizando no marco da Estratexia de Sostibilidade Turística en Destino en



colaboración coas distintas administracións, así como do carácter técnico dos criterios empregados nas fases de avaliación de proxectos presentados”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 10:41:42
Nº Rexistro: 60171
Data envío: 21/09/2023 10:41:42.444

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 8:41:39

CSV: BOPGDSPG-7yeLymOok-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 54475**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Martín Seco García e dona María Carmen Rodríguez Dacosta, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da convocatoria dunha liña de axudas directas para os produtores de Ternera Galega"**, (publicada no BOPG número 510, do 21 de xuño de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Esta cuestión foi contestada polo director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, da Consellería do Medio Rural, na Comisión 7ª o pasado 8 de setembro de 2023 respondendo á pregunta número 54474".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2023 12:30:07
Nº Rexistro: 60070
Data envío: 20/09/2023 12:30:07.002

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2023 10:29:54

CSV: BOPGDSPG-7yeLymOok-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 54487**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Daniel Pérez López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a liña de subvencións do programa Xacobeo Xove e a súa contribución á diversificación, sostibilidade e profesionalización do sector turístico"**(publicada no BOPG número 510 do 21 de xuño de 2023) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia Turismo de Galicia** que ten o seguinte contido:

"Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a estas preguntas xa foron tratados polo Goberno no seo da Comisión 6ª - Industria Enerxía Comercio e Turismo do Parlamento de Galicia na sesión celebrada o 14 de xullo de 2023 no debate da iniciativa con número de rexistro 54485, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=Nzk4MDg5ZTk0NWQ1OS00YjRmLTkyZDYtNzBkZTU1MzAxNGQz&start=2391](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=Nzk4MDg5ZTk0NWQ1OS00YjRmLTkyZDYtNzBkZTU1MzAxNGQz&start=2391)

Na devandita sesión, o Goberno informou, entre outras cuestións, que o programa Xacobeo Xove vai dirixido aos mozos e mozas que teñan o Carné Xove -é dicir, con idades comprendidas entre os 18 e 30 anos-, que se poderán beneficiar de paquetes turísticos que serán comercializados polas axencias de viaxes minoristas e incluírán un prezo especial cun desconto de ata 200 euros sobre o seu custo total.



Ademais, incidiuse en que esta iniciativa súmase a outras medidas dirixidas á diversificación, a sustentabilidade e a excelencia turística que se veñen impulsando desde a Xunta de Galicia desde hai varios anos. Entre elas, cabe destacar as contidas no Plan Director 2021-2023 Galicia Destino Seguro, o Plan Director do Camiño 2015-2021 (o primeiro en introducir o criterio de sostibilidade), o Plan Director actual 2022-2027 (o eixe 2 céntrase en promover un Camiño Sostible), o Plan Nacional Xacobeo Next Generation, o Bono Turístico ou os tres plans territoriais que está a desenvolver Galicia con fondos europeos (80 millóns de euros en total) para un destino turístico máis sostible”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 10:41:14
Nº Rexistro: 60168
Data envío: 21/09/2023 10:41:14.069

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 8:41:10

CSV: BOPGDSPG-7yeLymOok-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 54531**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Rodríguez Dacosta e don Martín Seco García, sobre **"a causa do incremento de 130.344 hectáreas de frondosas en trece anos"**, (publicada no BOPG número 514, do 28 de xuño de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"O sector forestal é un eido clave no rural galego e no que Galicia é unha referencia no ámbito nacional e mesmo europeo.

Galicia conta cunha superficie forestal de preto de 1,5 millóns de hectáreas arboradas das que se aproveitan anualmente arredor de 10 millóns de metros cúbicos de madeira, o 50% da produción total en España.

Ademais, a cadea monte-industria galega supón o 1,8 % do PIB da comunidade e xera arredor do 12 % do emprego industrial, o que se traduce en 25.000 traballadores. No 2021, a facturación conxunta desta cadea de valor ascendeu a 2578 millóns de euros, un máximo histórico para Galicia desde o 2006.

O pasado mes de xuño presentamos os primeiros resultados do Inventario Forestal de Galicia, na que a Xunta inviste un orzamento superior aos 3 millóns de euros. Neste senso, parte dese financiamento correspóndese a un convenio coas universidades de Vigo e Santiago para o desenvolvemento do inventario e o resto para distintas ferramentas necesarias para a súa correcta elaboración.

A finalidade do inventario é coñecer de maneira precisa e actualizada non só a cantidade de madeira rexistrada nos montes senón tamén a súa calidade e dispoñibilidade para o mercado, algo esencial para a planificación e a toma de decisións. Entre as posibilidades



que ofrece está, entre outras, o cálculo preciso da superficie que ocupan as diferentes especies forestais na nosa comunidade e unha cualificación segundo a súa dispoñibilidade. Por exemplo, contéplanse variables como a pendente, a distancia a pistas ou a fragmentación dunha masa forestal.

Lembramos que o deseño e desenvolvemento do Inventario tamén está recollido no **Plan Forestal de Galicia 2021-2040 "Cara á neutralidade carbónica"**, dentro do eixe V (Estatística, formación e investigación forestal).

Tal e como recolle o Inventario Forestal Continuo, Galicia conta cunha superficie de preto de 1,5 millóns de hectáreas arboradas, das cales o 42,5 % da superficie correspóndese con frondosas (case 620.000 ha), seguidas por plantacións de coníferas (máis de 422.000 ha) e eucalipto (máis de 409.000 ha).

O Inventario forestal continuo constata que a superficie actual ocupada por eucalipto mantense en parámetros semellantes aos previstos no Plan Forestal de Galicia 2021-2040 que, con todo, prevese revisar no horizonte de 2025. Será entón cando, de acordo co sector, analícese os datos e tómense as medidas oportunas.

O control das especies presentes nos montes galegos faise a través do Inventario Forestal de Galicia, un instrumento de control e planificación básico. Permite o cálculo preciso da superficie que ocupan as diferentes especies forestais da nosa comunidade e unha cualificación segundo a súa dispoñibilidade.

Este inventario realízase a través dun convenio de colaboración asinado entre a Xunta e as universidades de Vigo e Santiago. Estes centros presentaron informes con mapas de dispoñibilidade do recurso baseándose en datos obtidos por imaxes satélite. Tivéronse en conta variables como a forma, a superficie, a pendente das parcelas e mesmo a distancia das pistas ás estradas, así como posibles condicionantes na xestión dos bosques.

Por outra banda, presentáronse tamén informes detallados con resultados obtidos no inventario piloto da rede base de parcelas forestais que se mediron ao longo do ano 2021





por brigadas forestais da Xunta. A calidade da toma de datos foi excelente e os resultados poñen de relevo a diversidade de especies e idades que existen en Galicia. O protocolo de recollida, así como os datos brutos que foron recompilados polas brigadas de campo, tamén están dispoñibles para o seu uso público.

A maiores, a Consellería do Medio Rural realizou, en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, un portal web para que os datos do Inventario Forestal Continuo de Galicia estean dispoñibles de xeito público. Trátase dun sitio web completo no que se pode acceder a un visor cartográfico para a súa consulta”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2023 13:33:18
Nº Rexistro: 60087
Data envío: 20/09/2023 13:33:18.705

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2023 11:33:14

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 54645**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas previstas pola Xunta de Galicia para cumprir os seus compromisos respecto da reforma da rúa Pazos Fontenla, no concello de Bueu"**, (publicada no BOPG número 514, do 28 de xuño de 2023), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2023, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"O Concello de Bueu quere promover a humanización dun tramo da PO-315 que discorre polo centro urbano e que leva aparellada a renovación de servizos que son de competencia e interese municipal. En consecuencia, correspóndelle ao Concello asumir a execución dos traballos e, se así o considera necesario ou axeitado, buscar a colaboración doutras administracións".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 09:33:41
Nº Rexistro: 59973
Data envío: 19/09/2023 09:33:41.947

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2023 7:33:29

CSV: BOPGDSPG-7yeLymOok-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 56091**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas previstas pola Xunta de Galicia para garantir os dereitos da poboación máis vulnerable, especialmente familias monoparentais, mocidade e persoas migrantes"**, (publicada no BOPG número 537, do 3 de agosto de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude**, que ten o seguinte contido:

"Dende a Xunta de Galicia estamos a dar respostas ás necesidades dos mais vulnerables. Deste xeito, nos últimos anos incrementamos progresivamente os recursos para combater a pobreza.

Así, no ano 2023 destinaremos máis fondos que nunca a axudar ás persoas que máis o necesitan:

Os orzamentos da área de Inclusión Social aumentan un 25,1% con respecto a 2022, ata acadar os 148,5 millóns de euros.

Por outro lado, Galicia terá unha nova Lei de Inclusión Social, pero non a pode facer allea a un contexto nacional cheo de incertezas. O Goberno central comprometeuse hai máis dun ano a transferir a Galicia a xestión do Ingreso Mínimo Vital (IMV), que é a razón de ser desta nova normativa, e seguimos sen noticias.

Aínda así, continuamos desenvolvendo medidas de loita contra a pobreza e a exclusión social adaptadas ás novas necesidades do actual contexto socioeconómico. Así, neste ano incrementáronse:



O Bono Social Térmico, incrementábase a axuda autonómica pasando de 100 a 150 euros por persoa;

As Axudas de Emerxencia Social (AIS), incrementábase nun 8%;

O complemento das pensións non contributivas, para o que o Goberno galego destina no 2023 unha partida de 8 millóns, incrementarase tamén nun 5,1% con respecto a 2022.

E a Renda de inclusión de Galicia (Risga) incrementa ás contías do tramo persoal e familiar nun 8% en 2023.

Así mesmo, o Executivo autonómico traballa coas entidades sociais na posta en marcha dun proxecto piloto de loita contra a pobreza infantil, para axudar a aqueles fogares con menores que se encontran nunha situación de vulnerabilidade. Este programa conta cun orzamento de 10,6 M€ e beneficiará a máis de 1.700 familias.

Por outro lado, no contexto actual onde todo está a subir pola inflación, a Xunta demostra unha vez máis o seu firme compromiso coas familias galegas. Por iso, Galicia é a primeira e única comunidade que financia a gratuidade das escolas infantís, cunha partida de máis de 55 millóns de euros. Todo este esforzo estao a facer a Administración autonómica con fondos propios, sen ningunha achega do Goberno central."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 60053
Data envío: 19/09/2023 15:40:12.994

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2023 13:40:10

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 56942**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia de recuperar o servizo de tramitación dos depósitos de fianzas no Instituto Galego de Vivenda e Solo"**, (publicada no BOPG número 546, do 18 de agosto de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 2ª celebrada o pasado 20 de setembro de 2023 polo director xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), D. Heriberto García Porto, en resposta á pregunta oral 56941.

Enlace ao vídeo da Comisión 2ª celebrada o pasado 20 de setembro de 2023:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MzcxMjg5YjAtNzNkMi00NzNjLWEwOGUtYTlwZThiZWJlMWZl&start=153>."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2023 10:40:55
Nº Rexistro: 60166
Data envío: 21/09/2023 10:40:55.179

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2023 8:40:52

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita, **número 57167**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración do Goberno ga lego da xestión integral da auga e a xestión dos fondos recibidos do Goberno do Estado a través do Plan de recuperación, transformación e resiliencia para a xestión integral da auga"**, (publicada no BOPG número 549, do 23 de agosto de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Mobilidade en resposta á pregunta oral en Pleno número 57166, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día do Pleno celebrado o 13 de setembro de 2023, ao que nos remitimos.

Na súa intervención, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade asegurou que a Lei está a cumprir os obxectivos para os que foi concibida e que non son outros que regular, ampliar e estender a colaboración que presta a Xunta aos concellos nas súas competencias en materia de augas e facelo, ademais, en igualdade de condicións para todos.

A resposta completa da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MDBLODc3ZjltYTazOS00OThjLWJkYjgtZWJkYTM3MDRmMjJj&start=12678>



<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MDBlODc3ZjltYTAzOS00OThjLWJkYjgtZWJkYTM3MDRmMjJj&start=13000> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 60052
Data envío: 19/09/2023 15:40:05.806

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2023 13:39:58

CSV: BOPGDSPG-7yeLymOok-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 57410**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas previstas pola Xunta de Galicia respecto dos feitos denunciados polos servizos de inspección de Política Social"**, (publicada no BOPG número 549, do 23 de agosto de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude**, que ten o seguinte contido:

"Esta pregunta xa foi respondida pola conselleira de Política Social e Xuventude, en sesión plenaria do día 13/09/2023 cando respondeu a unha interpelación formulada polo mesmo grupo parlamentario e con número de rexistro 57411.

Pódese ver a resposta na seguinte ligazón:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MDBlODc3ZjltYTAzOS00OThjLWJkYjgtZWJkYTM3MDRmMjJj&start=5810>."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 60051
Data envío: 19/09/2023 15:39:54.102

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2023 13:39:51

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 57598**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **"a modificación do sistema de programación das inspeccións aos centros residenciais"**, (publicada no BOPG número 551, do 25 de agosto de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude**, que ten o seguinte contido:

"Esta pregunta xa foi respondida pola Secretaria Xeral Técnica, da Consellería de Política Social e Xuventude, a unha pregunta oral en comisión 5ª do día 07/09/2023, con número de rexistro 57596 e formulada polo mesmo grupo parlamentario.

Pódese ver a resposta na seguinte ligazón:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MmFLMjMxNDYtMGYzOS00NGRmLWE1NTYtYWY5ZjI5MDNkYTdi&start=5120>."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 60050
Data envío: 19/09/2023 15:39:37.038

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2023 13:39:21

CSV: BOPGDSPG-7yeLym00k-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

